Sexto.- *Aprobación facturas.*

De acordo cos informes dos Servizos desta Excma. Deputación Provincial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda a aprobación das seguintes facturas e expedientes de gastos e pagamentos:

De Eupraxia IT Services, S.L., de gastos por adquisición de tres vehículos todo camiño Dacia Duster, unha vez descontados 4.740,01 € en concepto de aboamento por retirada de vehículos usados, factura núm. FAC2019S214, de data 17 de decembro de 2019, por importe de 56.459 euros.

De Eupraxia IT Services, S.L., de gastos por adquisición de vehículos, 9 Renault Clio, unha vez descontados 14.220 euros en concepto de aboamento por retirada de vehículos usados, factura núm. FAC2019S216, de data 18 de decembro de 2019, por i mporte de 125.279,99 euros”.

De Tempo Facility Services, S.L.U., endosatario: Savia Financiación, S.A., de gastos por servizo de limpeza de distintos centros da Deputación, novembro de 2019, relación contable Q/2019/147 por importe de 66.479,39 euros.

Sétimo.- Aprobación de certificacións de obras.

De acordo cos informes dos Servizos desta Excm. Deputación Provincial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda aprobar o recoñecemento e liquidación de obrigas e a ordenación de pago das seguintes certificacións de obras:

Certificación núm. 3 da obra de OUROL.- Rehabilitación firme en tramo de vías LU-P-3801 “Ouro-l-O Carme-As Lobeiras”, p.k. 1+900-9+820; LU-P-3802 “Ouro-l-Igrexa de Ouro-l”, p.k. 0+000-1+665; LU-P-6602 “Ruanova-Sixto-Muras”, p.k. 6+550-8+300; LU-P-3807 “Bravos-Foxo-San Pantaleón”, p.k. 0+000-0+450; LU-P-3803 “Ponte Torta-Cruz das Leiras” p.k. 0+900-1+750 (P.E.R.F. 2017), contratista Grupo Bascuas 2008 S.L., por importe de 27.540,28 euros

Certificación núm. 2 da obra COSPEITO.- Rehabilitación firme LU-P-6501 “Vilalba (LU-120) Feira do Monte (LU-111)” p.k. 4+350-5+550, p.k. 7+570-8+040 (P.E.R.F. 2017), contratista Francisco Gómez y Cía, S.L., por importe de 13.924,32 euros.

Certificación núm. 7 da obra SAVIÑAO.- Rehabilitación firme LU-P-4102 “Ferreira (N 120A)-Currelos (LU-611)” p.k. 14+500-22+340 (P.E.R.F. 2017), con cargo a baixas, contratista Construcciones Leonardo Miguelez S.L., por importe de 39.281,33 euros.

Certificación núm. 4 da obra SAVIÑAO.- Rehabilitación firme LU-P-4202 “Pacios (LU-633)-Aldosende-Currelos (LU-611)”, p.k. 22+150-25-410 (P.E.R.F. 2017), con cargo a baixas, contratista Fevisa Vías y Obras, S.L., por importe de 13.675,62 euros.

Certificación núm. 2 da obra GUITIRIZ.- Rehabilitación firme LU-P-2301 “Guitiriz (N-VI)-Vilares (LU-170)”, 1+958-5+088 (P.E.R.F. 2017) con cargo a baixas, contratista Ovisa Pavimentos y Obras S.L.U., por importe de 20.547,43 euros.



Certificación núm. 4 e final da obra FRIOL.- Rehabilitación firme LU-P-1611 “Cinturón Comarcal”, p.k. 47+736-49+950 (P.E.R.F. 2017) con cargo a baixas, contratista Francisco Gómez y Cía, S.L., por importe de 14.721,57 euros.

Oitavo.- *Prórroga da atribución temporal de funcións como director da colección visitable de instrumentos musicais.*

Logo de ver a proposta de decreto da Sra. Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por Resolución da Presidencia de data 23 de maio de 2019 e efectividade do día 1 de xaneiro de 2019, se lle atribuíron a D. Luciano Pérez Díaz, as función de Director da Colección visitable de instrumentos musicais, polo período dun ano, prorrogable por outro, salvo que as necesidades organizativas que a xustificaban, deixaran de producirse con anterioridade ao cumprimento do citado prazo.

Visto o informe do Coordinador Xefe de Administración e Xestión Cultural do Centro de Artesanía e Deseño, de data 10 de decembro de 2019 ao que prestou a súa conformidade o deputado delegado de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica en proposta de data 11 de decembro de 2019, solicitando a prórroga da Atribución Temporal de Funcións dado que subsisten as mesmas circunstancias que deron lugar ao seu nomeamento.

Considerando o establecido na normativa establecida:

Artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e do INLUDES”, aprobado en Sesión Plenaria de 31 de xullo de 2006, (BOP nº 226, 30/09/2006).

Artigo 66 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo de Administración Xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, sobre réxime de retribucións do persoal funcionario da Administración Local.

Real Decreto 158/1996, de 2 de febreiro, polo que se modifica o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, no relativo ao complemento de Destino dos funcionarios da Administración Local.

Artigo 19 do Decreto 93/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna da Administración Autónoma de Galicia que establece os intervalos de niveis de postos de traballo que corresponden a cada corpo ou escala, de acordo co grupo no que se encontran clasificados.

Artigos 37.3 e 38.5 do Convenio Colectivo Único, regulador das condicións de traballo do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo.

Considerando que a proposta de prórroga, encaixa na previsión que se recolle para estas situacións provisorias e excepcionais no contido do citado Regulamento de Acceso, Carreira e Provisión de Postos e no das demais normas de aplicación para este tipo de atribucións, de natureza conxuntural para dar resposta ás necesidades organizativas, con base nos principios de actuación administrativa de eficacia e eficiencia.

Tendo en conta que en ausencia dunha regulación específica sobre a duración das Atribucións Temporais de Funcións (ATF), na vixente normativa legal e regulamentaria aplicable nesta materia, pódese, por analoxía, aplicar o mesmo prazo de duración das Comisións de Servizos, polo que unha ATF pode ser considerada subespecie, é dicir, un máximo dun ano, prorrogable por outro, salvo que as necesidades organizativas que xustifican a proposta deixen de producirse.

En canto ás condicións de compensación das diferenzas das retribucións complementarias propostas, que están previstas e reguladas no Convenio Colectivo Único, regulador das condicións



de traballo do persoal laboral da Entidade Provincial, están condicionadas por estar dentro do intervalo correspondente ao grupo de Clasificación C2, sinalado no Regulamento de Provisión de Postos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicable en virtude da previsión feita na normativa estatal, o que supón, neste caso, que as diferenzas de retribucións correspondente ao Complemento de Destino só poderán ser compensadas ata alcanzar o Complemento de Destino (20) e non CD (23), concretándose, neste caso, nos seguintes termos:

TIPO DE COMPLEMENTO	DO POSTO OCUPADO	MENTRAS PERMANEZA EN ATF
COMPLEMENTO DE DESTINO	20	20
COMPLEMENTO ESPECÍFICO	834,51€	1.131,13€

Por todo canto antecede, vistos os informes dos servizos, considerando que resulta necesario que se continúen a prestar as citadas funcións para un mellor funcionamento do servizo, procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, se dite Resolución, ordeando:

1º.- Prorrogar a D. Luciano Pérez Díaz a Atribución Temporal de Funcións como Director da Colección visitable de instrumentos musicais, por un ano máis, a partir do día 1 de xaneiro de 2020.

2º.- No caso de que as funcións que asume o traballador en Atribución Temporal de Funcións sexan de categoría superior ás correspondentes ao posto do que é titular, si o tempo de desempeño efectivo é superior a un mes, procede o abono das diferenzas retributivas que se produzan, durante o tempo que realice estas funcións, conforme ao establecido nos artigos 37.3 e 38.5 do vixente Acordo Marco Único para persoal laboral desta Entidade. Pola contra, si as funcións asumidas son as propias dun posto de traballo de inferior categoría, conservará as retribucións complementarias correspondentes ao posto da que é titular.

3º.- Esta prórroga de asignación temporal de funcións terá carácter excepcional e provisional, sen xerar, por tales circunstancias, dereito algún de cara a unha hipotética provisión definitiva dos postos de traballo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Noveno.- *Prorroga da atribución temporal de funcións como adxunto xefe Parque Móbil.*

Logo de ver a proposta de decreto da Sra. Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por Resolución da Presidencia de data 23 de marzo de 2019 e efectividade do día 1 de xaneiro de 2019, se lle atribuíron a D. Manuel Barrero Fernández, as función de Adxunto Xefe Parque Móbil, polo período dun ano, prorrogable por outro, salvo que as necesidades organizativas que a xustificaban, deixaran de producirse con anterioridade ao cumprimento do citado prazo.

Vista a proposta do Xefe do Parque Móbil coa conformidade do Presidente por Delegación e da Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, solicitando a prórroga da Atribución Temporal de Funcións, por manterse e incrementarse as circunstancias que motivaron o seu nomeamento,

Considerando o establecido na normativa establecida:

Artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

“Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e do INLUDES”, aprobado en Sesión Plenaria de 31 de xullo de 2006, (BOP nº 226, 30/09/2006).

Artigo 66 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo de Administración Xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.



Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, sobre réxime de retribucións do persoal funcionario da Administración Local.

Real Decreto 158/1996, de 2 de febreiro, polo que se modifica o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, no relativo ao complemento de Destino dos funcionarios da Administración Local.

Artigo 19 do Decreto 93/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna da Administración Autónoma de Galicia que establece os intervalos de niveis de postos de traballo que corresponden a cada corpo ou escala, de acordo co grupo no que se encontran clasificados.

Artigos 37.3 e 38.5 do Convenio Colectivo Único, regulador das condicións de traballo do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo.

Considerando que a proposta de prórroga, encaixa na previsión que se recolle para estas situacións provisorias e excepcionais no contido do citado Regulamento de Acceso, Carreira e Provisión de Postos e no das demais normas de aplicación para este tipo de atribucións, de natureza conxuntural para dar resposta ás necesidades organizativas, con base nos principios de actuación administrativa de eficacia e eficiencia.

Tendo en conta que en ausencia dunha regulación específica sobre a duración das Atribucións Temporais de Funcións (ATF), na vixente normativa legal e regulamentaria aplicable nesta materia, pódese, por analogía, aplicar o mesmo prazo de duración das Comisións de Servizos, polo que unha ATF pode ser considerada subespecie, é dicir, un máximo dun ano, prorrogable por outro, salvo que as necesidades organizativas que xustifican a proposta deixen de producirse.

En canto ás condicións de compensación das diferenzas de retribucións complementarias propostas, que están previstas e reguladas no Convenio Colectivo Único, regulador das condicións de traballo do persoal laboral da Entidade Provincial, están dentro do intervalos correspondentes aos Grupos de Clasificación (C2), sinalado no Regulamento de provisión de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicable en virtude da previsión feita na normativa estatal, concretándose, neste caso, nos seguintes termos:

TIPO DE COMPLEMENTO	DO POSTO OCUPADO	MENTRAS PERMANEZA EN ATF
COMPLEMENTO DE DESTINO	18	20
COMPLEMENTO ESPECÍFICO	949,81	1.131,13

Por todo canto antecede, vistos os informes dos servizos, considerando que resulta necesario que se continúen a prestar as citadas funcións para un mellor funcionamento do servizo, procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, se dite Resolución, ordeando:

1º.- Prorrogar a D. Manuel Barrero Fernández a Atribución Temporal de Funcións como Adxunto Xefe Parque Móbil, por un ano máis, a partir do día 1 de xaneiro de 2020.

2º.- No caso de que as funcións que asume o traballador en Atribución Temporal de Funcións sexan de categoría superior ás correspondentes ao posto do que é titular, si o tempo de desempeño efectivo é superior a un mes, procede o abono das diferenzas retributivas que se produzan, durante o tempo que realice estas funcións, conforme ao establecido nos artigos 37.3 e 38.5 do vixente Acordo Marco Único para persoal laboral desta Entidade. Pola contra, si as funcións asumidas son as propias dun posto de traballo de inferior categoría, conservará as retribucións complementarias correspondentes ao posto da que é titular.

3º.- Esta prórroga de asignación temporal de funcións terá carácter excepcional e provisional, sen xerar, por tales circunstancias, dereito algún de cara a unha hipotética provisión definitiva dos postos de traballo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo.- *Prórroga de atribución temporal de funcións como celador/ responsable coordinador.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada de Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:



“Por Resolución da Presidencia de data 18 de xaneiro de 2019 e efectividade do día 1 de xaneiro de 2019, se lle atribuíron a D. Miguel Ángel Crende López, as funcións de Celador/Responsable Coordinador III Zona, polo período dun ano, prorrogable por outro, salvo que as necesidades organizativas que a xustificaban, deixaran de producirse con anterioridade ao cumprimento do citado prazo.

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Vías e Obras coa conformidade do Presidente por Delegación e da Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, solicitando a prórroga da Atribución Temporal de Funcións, por manterse e incrementarse as circunstancias que motivaron o seu nomeamento,

Considerando o establecido na normativa establecida:

Artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

“Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e do INLUDES”, aprobado en Sesión Plenaria de 31 de xullo de 2006, (BOP nº 226, 30/09/2006).

Artigo 66 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo de Administración Xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, sobre réxime de retribucións do persoal funcionario da Administración Local.

Real Decreto 158/1996, de 2 de febreiro, polo que se modifica o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, no relativo ao complemento de Destino dos funcionarios da Administración Local.

Artigo 19 do Decreto 93/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna da Administración Autónoma de Galicia que establece os intervalos de niveis de postos de traballo que corresponden a cada corpo ou escala, de acordo co grupo no que se encontran clasificados.

Artigos 37.3 e 38.5 do Convenio Colectivo Único, regulador das condicións de traballo do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo.

Considerando que a proposta de prórroga, encaixa na previsión que se recolle para estas situacións provisorias e excepcionais no contido do citado Regulamento de Acceso, Carreira e Provisión de Postos e no das demais normas de aplicación para este tipo de atribucións, de natureza conxuntural para dar resposta ás necesidades organizativas, con base nos principios de actuación administrativa de eficacia e eficiencia.

Tendo en conta que en ausencia dunha regulación específica sobre a duración das Atribucións Temporais de Funcións (ATF), na vixente normativa legal e regulamentaria aplicable nesta materia, pódese, por analoxía, aplicar o mesmo prazo de duración das Comisións de Servizos, polo que unha ATF pode ser considerada subespecie, é dicir, un máximo dun ano, prorrogable por outro, salvo que as necesidades organizativas que xustifican a proposta deixen de producirse.

En canto ás condicións de compensación das diferenzas das retribucións complementarias propostas, que están previstas e reguladas no Convenio Colectivo Único, regulador das condicións de traballo do persoal laboral da Entidade Provincial, están condicionadas por estar dentro do intervalo correspondente ao grupo de clasificación E, sinalado no Regulamento de provisión de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicable en virtude da previsión feita na normativa estatal, o que supón, neste caso, que as diferenzas de retribucións correspondente ao Complemento de Destino só poderán ser compensadas ata alcanzar o Complemento de Destino (CD) 14 e non o CD 19, que é o nivel de CD que ten atribuído o posto de Celador/Responsable Coordinador III Zona, concretándose, neste caso, nos seguintes termos:

TIPO DE COMPLEMENTO	DO POSTO OCUPADO	MENTRAS PERMANEZA EN ATF
COMPLEMENTO DE DESTINO	288,35	338,18
COMPLEMENTO ESPECÍFICO	385,31	834,51

Por todo canto antecede, vistos os informes dos servizos, considerando que resulta necesario que se continúen a prestar as citadas funcións para un mellor funcionamento do servizo,



procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, se dite Resolución, ordeando:

1º.- Prorrogar a D. Miguel Ángel Crende López a Atribución Temporal de Funcións como Celador/Responsable Coordinador III Zona, por un ano máis, a partir do día 1 de xaneiro de 2020.

2º.- No caso de que as funcións que asume o traballador en Atribución Temporal de Funcións sexan de categoría superior ás correspondentes ao posto do que é titular, si o tempo de desempeño efectivo é superior a un mes, procede o abono das diferenzas retributivas que se produzan, durante o tempo que realice estas funcións, conforme ao establecido nos artigos 37.3 e 38.5 do vixente Acordo Marco Único para persoal laboral desta Entidade. Pola contra, si as funcións asumidas son as propias dun posto de traballo de inferior categoría, conservará as retribucións complementarias correspondentes ao posto da que é titular.

3º.- Esta prórroga de asignación temporal de funcións terá carácter excepcional e provisional, sen xerar, por tales circunstancias, dereito algún de cara a unha hipotética provisión definitiva dos postos de traballo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo primeiro.- *Prórroga de atribución temporal de funcións como responsable coordinador/a II contratos.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada de Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por Resolución da Presidencia de data 7 de maio de 2019 e efectividade do día 1 de xaneiro de 2019, se lle atribuíron a Dona M^a Carmen Rivas Pozo, as funcións do posto de Responsable Coordinador II Contratos, polo período dun ano, prorrogable por outro, salvo que as

necesidades organizativas que a xustificaban, deixaran de producirse con anterioridade ao cumprimento do citado prazo.

Vista a proposta emitida pola Secretaría Xeral Adxunta, conformada polo Presidente por delegación, na que se solicita a prórroga da Atribución Temporal de Funcións de Dona M^a Carmen Rivas Pozo, como Responsable Coordinador/a II Contratos no Servizo de Contratación e Fomento, dado que se manteñen as necesidades que motivaron o seu nomeamento en ATF e incluso se incrementan, xa que é preciso apoio administrativo en materia de contratación á Granxa Gaioso Castro.

Considerando o establecido na normativa establecida:

- Artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

- “Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e do INLUDES”, aprobado en Sesión Plenaria de 31 de xullo de 2006, (BOP nº 226, 30/09/2006).

- Artigo 66 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo de Administración Xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, sobre réxime de retribucións do persoal funcionario da Administración Local.

- Real Decreto 158/1996, de 2 de febreiro, polo que se modifica o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, no relativo ao complemento de Destino dos funcionarios da Administración Local.

- Artigo 19 do Decreto 93/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna da Administración Autónoma de Galicia que establece os intervalos de niveis de postos de traballo que corresponden a cada corpo ou escala, de acordo co grupo no que se encontran clasificados.

- Artigos 34.3 e 35.5 do Acordo Marco Único, regulador das condicións de traballo do persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo.



Considerando que a proposta de prórroga, encaixa na previsión que se recolle para estas situacións provisionais e excepcionais no contido do citado Regulamento de Acceso, Carreira e Provisión de Postos e no das demais normas de aplicación para este tipo de atribucións, de natureza conxuntural para dar resposta ás necesidades organizativas, con base nos principios de actuación administrativa de eficacia e eficiencia.

Tendo en conta que en ausencia dunha regulación específica sobre a duración das Atribucións Temporais de Funcións (ATF), na vixente normativa legal e regulamentaria aplicable nesta materia, pódese, por analoxía, aplicar o mesmo prazo de duración das Comisións de Servizos, polo que unha ATF pode ser considerada subespecie, é dicir, un máximo dun ano, prorrogable por outro, salvo que as necesidades organizativas que xustifican a proposta deixen de producirse.

En canto ás condicións de compensación das diferenzas das retribucións complementarias propostas, que están previstas e reguladas no Acordo Marco Único, regulador das condicións de traballo do persoal funcionario da Entidade Provincial, están dentro do intervalo correspondente ao grupo de clasificación (C1), sinalado no Regulamento de provisión de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicable en virtude da previsión feita na normativa estatal, neste caso, nos seguintes termos:

TIPO DE COMPLEMENTO	DO POSTO OCUPADO	MENTRAS PERMANEZA EN ATF
COMPLEMENTO DE DESTINO	19	21
COMPLEMENTO ESPECÍFICO	614,02	949,81

Por todo canto antecede, vistos os informes dos servizos, considerando que resulta necesario que se continúen a prestar as citadas funcións para un mellor funcionamento do servizo, procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, se dite Resolución, ordeando:

1º.- Prorrogar a Dona M^a del Carmen Rivas Pozo a Atribución Temporal de Funcións como Responsable Coordinador/a II Contratos por un ano máis, a partir do día 1 de xaneiro de 2020, incluíndose o apoio administrativo en materia de contratación á Granxa Provincial Gaioso Castro.

2º.- No caso de que as funcións que asume a persoa funcionaria en Atribución Temporal de Funcións sexan de categoría superior ás correspondentes ao posto do que é titular, si o tempo de desempeño efectivo é superior a un mes, procede o abono das diferenzas retributivas que se produzan, durante o tempo que realice estas funcións, conforme ao establecido nos artigos 34.3 e 35.5 do vixente Acordo Marco Único para persoal funcionario desta Entidade. Pola contra, si as funcións asumidas son as propias dun posto de traballo de inferior categoría, conservará as retribucións complementarias correspondentes ao posto da que é titular.

3º.- Esta prórroga de asignación temporal de funcións terá carácter excepcional e provisional, sen xerar, por tales circunstancias, dereito algún de cara a unha hipotética provisión definitiva dos postos de traballo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo segundo.- *Prórrogas dos contratos de traballadores adscritos a diferentes Servizos.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Logo de celebrarse os correspondentes procedementos selectivos, para atender as necesidades de diversos Servizos da Deputación Provincial de Lugo, produciuse a incorporación de diversos efectivos, formalizando os correspondentes contratos de traballo, baixo a modalidade de prácticas, cunha duración inicial de seis meses.

A petición dos diferentes servizos, se prorrogaron ata o día 31 de decembro de 2019.

Vistas as propostas dos diferentes servizos, nas que se solicita de prórroga dos traballadores que a continuación se relacionan:



Adscrición Servizo de Comunicación e Tics

APELIDOS E NOME	POSTO DE TRABALLO
Randís da Pena, José	Técnico Superior en Sistemas de Telecomunicacións e Informática
Anido López, Rubén	Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede
Álvarez Brasa, Sonia	Técnico Superior en Desenvolvemento de aplicacións web
Vilela Carballo, Olalla	Técnico Superior en Desenvolvemento de aplicacións web
Martínez Rey, Patricia Purificación	Graduada en Xornalismo
García Torres, M ^a Elisa	Técnica Superior en Xestión Comercial e Marketing
Fernández Graña, Sara	Técnica Superior en Marketing e Publicidade
Penoucos Blanco, Tania	Técnica Superior en Artes Plásticas e Deseño en Fotografía Artística
Dourado Ferreiro, Marta	Titulada Superior en Deseño Gráfico

Adscrición Sección Promoción Económica e Emprego

APELIDOS E NOME	POSTO DE TRABALLO
Iriarte Suárez, Uxía	Graduada en Administración e Dirección de Empresas
Rodríguez Espiño, Daniela	Técnica Superior en Administración e Finanzas
Carballo Aira, Celsa Aurelia	Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turísticas
Sánchez Varela, Raquel	Técnica Superior en Asistencia a Dirección
Fernández Veiga, M ^a Begoña	Técnico Superior en Asistencia a Dirección

Adscrición Granxa Provincial

APELIDOS E NOME	POSTO DE TRABALLO
Iglesias Salvador, José Manuel	Enxeñeiro Agrónomo
Nieto Balsa, Jorge	Enxeñeiro Técnico en Topografía

Adscrición Servizo de Cultura e Turismo

APELIDOS E NOME	POSTO DE TRABALLO
García Sestelo, Marta	Técnica Superior en Guía, Información e Asistencia Turísticas

Adscrición Servizo de Medio Ambiente

APELIDOS E NOME	POSTO DE TRABALLO
Corral Rodríguez, Diego	Enxeñeiro Técnico Agrícola

Adscrición Rede Museística Provincial

APELIDOS E NOME	POSTO DE TRABALLO
García Souto, Xoán Carlos	Graduado en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural
Arias Abella, Paula	Licenciada en Humanidades

Adscrición Área Do Medio Rural, do Mar e Mocidade

APELIDOS E NOME	POSTO DE TRABAJO
Cela Ferreiro, Sila	Graduada en Comunicación Audiovisual

Tendo en conta que persisten e incluso se incrementaron as necesidades que motivaron a súa incorporación e o desempeño das funcións e tarefas encomendadas foi moi satisfactorio, existindo consignación orzamentaria.

Considerando que, segundo informa o Servizo de Recursos Humanos, existe a posibilidade de que os contratos celebrados baixo a modalidade de contrato laboral en prácticas poidan ter unha duración temporal de entre 6 meses e 2 anos; e que no caso de celebrarse inicialmente por unha duración inferior á máxima prevista na normativa reguladora deste tipo de contratos (contrato inicial máis prórrogas), non poida superar o dito período máximo de 2 anos.

Considerando que, segundo informe do Servizo de Intervención relativo á Consignación orzamentaria para dar continuidade durante o ano 2020 ao Programa de Primeira Oportunidade, o gasto aplicado ás prórrogas quedará supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, estando incluído no orzamento para o 2020, aprobado inicialmente polo Pleno de 5 de decembro de 2019, a cantidade de 607.506,21 € e que para a cantidade restante que ascende a 3.173,93 € deberá adoptarse o compromiso de tramitar, se é necesario, a correspondente modificación de crédito.

Tendo en conta cando antecede, apreciándose que se manteñen as condicións que foron tidas en conta cando se acordou a formalización dos contratos para os que agora se solicita a prórroga, ao acreditarse os requisitos legais esixidos na normativa referida, procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resolva:

1º.- Prorrogar os contratos de traballo en prácticas adscritos ao Servizo de Comunicación e TICs, no tempo e forma que a continuación se indica:



Prorrogar o contrato de traballo, baixo a modalidade de prácticas, subscrito en data 15 de novembro de 2018, con D. José Randis Pena (Sección Novas Tecnoloxías), dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 21 de febreiro de 2020, tendo en conta que estivo contratado en prácticas noutra empresa, 267 días.

Prorrogar o contrato de traballo, baixo a modalidade de prácticas, subscrito en data 28 de decembro de 2018, con D. Rubén Anido López (Sección Novas Tecnoloxías), dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 6 de novembro de 2020, tendo en conta que estivo contratado en prácticas noutra empresa, 51 días.

Prorrogar o contrato de traballo, baixo a modalidade de prácticas, subscrito en data 29 de decembro de 2018, con Dona Sonia Álvarez Brasa (Sección Novas Tecnoloxías), dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 28 de decembro de 2020.

Prorrogar o contrato de traballo, baixo a modalidade de prácticas, subscrito en data 28 de decembro de 2018, con Dona Marta Dourado Ferreiro dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 26 de xuño de 2020, tendo en conta que estivo contratada en prácticas noutra empresa, 184 días.

Prorrogar os contratos de traballo, baixo a modalidade de prácticas, subscrito en data 28 de decembro de 2018, con Dona Olalla Vilela Carballo (Sección Novas Tecnoloxías), Dona Patricia Purificación Martínez Rey, Dona M^a Elisa García Torres, Dona Sara Fernández Graña e Dona Tania Penoucos Blanco dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 27 de decembro de 2020.

2º.- Prorrogar os contratos de traballo en prácticas adscritos á Sección de Promoción Económica e Emprego, no tempo e forma que a continuación se indica:

Prorrogar o contrato de traballo, baixo a modalidade de prácticas, subscrito en data 28 de decembro de 2018, con Dona Daniela Rodríguez Espiño dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 28 de novembro de 2020, tendo en conta que estivo contratada en prácticas noutra Empresa, durante o período de 29 días.

Prorrogar o contrato de traballo, baixo a modalidade de prácticas, subscrito en data 29 de decembro de 2018, con Dona Celsa Aurelia Carballo Aira dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o de 28 de decembro de 2020.

Prorrogar os contratos de traballo, baixo a modalidade de prácticas, subscritos en data 28 de decembro de 2018, con dona Uxía Iriarte Suárez, Dona Raquel Sánchez Varela e Dona M^a Begoña Fernández Veiga dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 27 de decembro de 2020.

3º.- Prorrogar os contratos de traballo en prácticas adscritos á Granxa Provincial, no tempo e forma que a continuación se indica:

Prorrogar os contratos de traballo, baixo a modalidade de prácticas, subscritos en data 28 de decembro de 2018, con D. José Manuel Iglesias Salvador e D. Jorge Nieto Balsa dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 27 de decembro de 2020.

4º.- Prorrogar o contrato de traballo en prácticas adscrito ao Servizo de Cultura e Turismo, no tempo e forma que a continuación se indica:

Prorrogar o contrato de traballo, baixo a modalidade de prácticas, subscrito en data 28 de decembro de 2018 con Dona Marta García Sestelo, dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 27 de decembro de 2020.

5º.- Prorrogar o contrato de traballo en prácticas adscrito ao Servizo de Medio Ambiente, no tempo e forma que a continuación se indica:

Prorrogar o contrato de traballo, baixo a modalidade de prácticas, subscrito en data 17 de decembro de 2018, con D. Diego Corral Rodríguez dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 16 de decembro de 2020.

6º.- Prorrogar os contratos de traballo en prácticas adscritos á Rede Museística Provincial, no tempo e forma que a continuación se indica:



Prorrogar os contratos de traballo, baixo a modalidade de prácticas, subscritos en data 15 de novembro de 2018 con D. Xoán Carlos García Souto e Dona Paula Arias Abella, dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 14 de novembro de 2020.

7º.- Prorrogar o contrato de traballo en prácticas adscrito á Área do Medio Rural, do Mar e Mocidade, no tempo e forma que a continuación se indica:

Prorrogar o contrato de traballo, baixo a modalidade de prácticas, subscrito en data 15 de novembro de 2018 con Dona Sila Cela Ferreiro dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 14 de novembro de 2020.

Formalizar as respectivas prórrogas conforme ao establecido para esa modalidade contractual no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Establecer que os dereitos e obrigas do persoal, cuxo contrato se prorroga rexerase pola normativa xeral de función pública e polo Convenio Colectivo Único para persoal laboral desta Deputación, no que sexa conforme coa natureza do contrato, así como polos acordos e resolución que especificamente lle sexa de aplicación; que as retribucións son as que se corresponden coas prazas/postos referidos, en prácticas, adscritos ás Áreas nas que veñen desempeñando o seu posto de traballo, conforme aos respectivos grupos de clasificación; e que, segundo establece o Convenio Colectivo Único para persoal laboral, na súa redacción aprobada definitivamente, trala aprobación pola Mesa Xeral de Negociación, BOP nº 68, do 22 de maio de 2013, a xornada de traballo será dun mínimo de 37 horas e 30 minutos semanais”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo terceiro.- Nomeamento como persoal funcionario interino ATS- DUE

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada de Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vista a solicitude de incorporación de persoal para o Centro de Atención a Persoas Maiores de Ribadeo, Pol e Trabada da Xefa de Sección de Benestar e Igualdade coa conformidade do Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, de data 2 de decembro de 2019, na que se sinala o carácter necesario, urxente e inaprazable da incorporación de persoal co perfil dun/dunha ATS-DUE. Esta necesidade é xustificada para atender as actuais circunstancias de traballo para a Sección, debidas ás substitucións necesarias por permisos do persoal que presta servizos nos Centros de Atención a Persoas Maiores de Ribadeo, Pol e Trabada, así como as derivadas da posta en marcha de novos Centros de Atención a Persoas Maiores, como o da Fonsagrada, estando prevista a súa apertura para inicios do vindeiro ano. Todo isto enmarcado dentro do “Programa de Posta en Marcha dos Centros de Atención a Persoas Maiores dentro da relación interadministrativa de cooperación (público-público) e a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores, no marco das relacións interadministrativas de cooperación.

Visto que segundo a solicitude e informes que constan no expediente, resulta xustificada a necesidade urxente e inaprazable da incorporación de efectivo, un/unha ATS-DUE, ao obxecto de atender as necesidades de dito tipo de profesionais.

Á vista de que se informa da existencia de consignación orzamentaria suficiente, débese acudir ao nomeamento de funcionario interino pola circunstancia de “execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten no desenvolvemento deste Estatuto” establecida no art. 10.1.c) do Estatuto Básico do Empregado Público. Ao obxecto de cubrir temporalmente o emprego solicitado, terase que incorporar persoal procedente das Listaxes de Emprego Temporal vixentes de “ATS-DUE”, tal como establecen as bases que están a rexer os procedementos de selección de persoal temporal da Deputación, aprobadas tralo acordo da Mesa Xeral de Negociación, mediante Resolución da Presidencia de data 29 de setembro de 2009, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 231 de 8 de outubro de 2009 e modificados por resolución da Presidencia de 16 de decembro de 2011, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 294, de 26 de decembro de 2011 e modificados por resolución da Presidencia de 14 de febreiro de 2019, publicada no BOP número 39, de 15 de febreiro de 2019.



Comprobado o contido da Listaxe de Emprego Temporal vixente de “ATS-DUE”, constituída trala celebración do correspondente procedemento selectivo, realízase chamamento á aspirante dispoñible por orde decrecente da listaxe de “ATS-DUE”, Dona Lucía Vila Cabana, que acepta incorporarse con efectividade do 02/01/2020.

Polo anteriormente exposto, e unha vez comprobada a documentación presentada a efectos de nomeamento, e cumprindo os condicionantes establecidos no artigo 19.Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, resolva:

1º.- Nomear a Dona Lucía Vila Cabana como persoal funcionario interino, pola circunstancia de “execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten no desenvolvemento deste Estatuto”, (art. 10.1.c) do EBEP); ao obxecto de prestar servizos de carácter temporal, como ATS-DUE, para a Sección de Benestar e Igualdade nos Centros de Atención a Persoas Maiores de Ribadeo, Pol e Trabada.

A prestación efectiva das funcións encomendadas realizarase no “Programa de Posta en Marcha dos Centros de Atención a Persoas Maiores dentro da relación interadministrativa de cooperación (público-público) e a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores, no marco das relacións interadministrativas de cooperación”, conforme aos Convenios marco interadministrativos de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo para implementar e executar un sistema de servizos sociais en Centros de atención a persoas maiores e os convenios específicos para a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores, acordados entre a Deputación Provincial de Lugo e os Concellos nos que se asentan os ditos Centros, ben de xeito exclusivo nun deles ou ben en varios, conforme á carteleira de distribución da xornada e horario de prestación que se deseñe polos órganos de xestión dos ditos Centros, segundo as directrices recollidas nos ditos Convenios.

2º.- A formalización dos devanditos nomeamentos, que terán inicialmente unha duración de un ano, con efectividade desde o 02/01/2020 ata o 01/01/2021, prorrogables ata o máximo previsto no artigo 10.1 c) do RDL 5/2015, DE 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 23.2 c) da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, realizándose por escrito e de conformidade co disposto na vixente normativa aplicable.

3º.- Formalizar por escrito, a distribución da xornada ordinaria de traballo de Dona Lucía Vila Cabana, con efectos do 02/01/2020, entre os tres Centros de Atención a Persoas Maiores de Ribadeo (adicación 70,00%), Pol (adicación 20,00 %) e Trabada (adicación 10,00 %), coa finalidade de axustar a imputación do custe efectivo dos servizos aos concellos afectados, en proporción aos servizos de persoal do equipo interdisciplinar que reciben.

4º.- Establecer que:

Os dereitos e obrigas das persoas aspirantes que se nomean como funcionarios interinos rexeranse pola normativa xeral aplicable e polo Acordo Marco Único para persoal funcionario desta Deputación no que sexa conforme coa natureza o nomeamento, así como polos acordos e resolución que especificamente lle sexa de aplicación.

As retribucións réxense polo disposto no Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, e, en cumprimento do mesmo e do acordo Plenario de data 27 de xullo de 2010 polo que se modifica a RPT da Deputación (aprobada definitivamente o 28 de setembro de 2010), sendo as que corresponden a praza de ATS-DUE (Grupo/subgrupo: A/A2) e posto de entrada da mesma denominación.

Segundo establece o Acordo marco Único para o persoal funcionario desta Deputación, na súa redacción aprobada definitivamente, trala aprobación pola Mesa Xeral de Negociación, polo Pleno da Corporación, de data 26 de febreiro de 2013, a xornada de traballo será dun mínimo de 37 ½ horas semanas, distribuídas de conformidade coas específicas características que rexen no servizo ao que se incorpora”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3. - APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa á addenda ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á entidade la Unión de Sarria co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Proxecto de acondicionamento, restauración e mellora interior do edificio social da Unión” na anualidade 2019 (aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de outubro de 2019).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, de data 30 de decembro de 2019, no que literalmente se establece:

“Visto o escrito remitido polo representante de La Unión de Sarria, o 22 de novembro de 2019 á Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente, solicita: “(...) que se nos conceda unha ampliación no prazo de execución e xustificación da obra de “Proxecto de acondicionamento, restauración e mellora interior do edificio social da Unión” ata a data do 30 de xuño de 2020, e poder cumprir así o obxecto do convenio”, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 25 de outubro de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 45.000,00€ a favor da entidade La Unión de Sarria, para sufragar os gastos derivados da

execución da actuación “Proxecto de acondicionamento, restauración e mellora interior do edificio social da Unión”, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

Aprobar o gasto de 45.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade La Unión de Sarria, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Proxecto de acondicionamento, restauración e mellora interior do edificio social da Unión”.

Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente.

O convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á entidade La Unión de Sarria co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “proxecto de acondicionamento, restauración e mellora interior do edificio social da unión” na anualidade 2019 , formalizouse o 8 de novembro de 2019.

O que se pretende é a modificación das cláusulas terceira, oitava e duodécima do citado convenio de referencia, que quedarían redactadas no seguinte senso:

Cláusula Terceira.- Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables.

“O orzamento total, inicialmente previsto, de execución da acción ou proxecto ascende á cantidade total de 47.585,84€, de acordo co orzamento achegado coa solicitude que consta no expediente.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da devandita actuación non implica relación laboral algunha entre os traballadores e a Deputación, polo que non poderá esixirse a esta responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actuacións, obxecto do presente convenio.



Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2019 e ata o 30 de xuño de 2020”.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Son gastos realizados, e por tanto subvencionables, os xustificados na anualidade correspondente e que fosen efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou as súas prórrogas, no seu caso. O gasto realizado debe acreditarse coa presentación de facturas e/ou xustificantes de gasto oportunos, sendo necesario que o mesmo se atope pagado e que se acredite o seu pago.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma”.

Cláusula Oitava.- Xustificación e aboamento das subvencións

“Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento, a Entidade beneficiaria deberá xustificar a acción, proxecto ou conducta subvencionada, e en todo caso, como máximo o 30 de xuño de 2020. Logo de transcorrer este prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa achegada.

No desenvolvemento deste trámite aplicarase o previsto no artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro en canto a declarar, aos interesados, decaídos no seu dereito a este trámite.

A xustificación da subvención realizarase de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo

polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza Xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.), e na Base 24 das do orzamento xeral vixente.

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte da Entidade beneficiaria, da seguinte documentación xustificativa:

Solicitud debidamente cumprimentada.

Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.

Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterà:

Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes do financiamento (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).

Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pago das facturas que se imputan á Deputación Provincial de Lugo.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación á que fai referencia o parágrafo anterior achegándoas polo custe total da actuación subvencionada. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais e poderán ser devoltos á Entidade beneficiaria, beneficiaria da subvención, se así o solicita, unha vez estampillados polo órgano xestor.



Certificacións de obra e acta de recepción da mesma. Esta documentación poderá ser substituída, previa comunicación á Deputación polo beneficiario, por un informe favorable emitido por un técnico competente desta entidade trala súa comprobación “*in situ*”.

Dúas fotografías do investimento realizado.

Ao tratarse de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar tanto na escritura, coma no rexistro público correspondente, o seguinte:

Deberá especificarse o outorgamento desta subvención, tomando como referencia o “Manifestan segundo” que aparece neste convenio.

Deberá indicarse que a entidade beneficiaria destinará os bens ao fin concreto para o que foi concedida esta subvención por un período mínimo de 5 anos.

Tamén deberá indicarse o importe da subvención concedida.

Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, acaeceran entre o orzamento estimado e o gasto efectivamente xustificado.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención

de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data _____” asinado polo receptor, con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas, éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (Aplicarase a normativa vixente en cada momento).

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a Entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.



Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Declaración responsable de que o beneficiario asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non tramitarse o anticipo contemplado neste convenio, a Entidade beneficiaria achegará a documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridas para realizar as actuacións proxectadas, que son obxecto desta subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-311000****. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da achega até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a ésta.

O abono da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola Entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu abono no caso de que a Entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

A falta de xustificación da subvención concedida, conforme ao réxime determinado nesta cláusula, conlevará a incoación do procedemento para declarar a perda do dereito a subvención; no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta a tramitación do correspondente procedemento de reintegro e demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Procederá o reintegro, en todo caso, dos fondos percibidos, nos supostos de incumprimento da xustificación e dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención e nos demais casos previstos neste convenio ou na normativa de aplicación”.

Cláusula Duodécima.- Prazos de xustificación.

“Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento, a Entidade beneficiaria deberá xustificar a acción, proxecto ou conducta subvencionada, e en todo caso, como máximo o 30 de xuño de 2020. Logo de transcorrer este prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa achegada.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso de execución, as partes asinantes, poderán acordar a continuación e finalización das devanditas actuacións en curso, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas”.

Consideracións xurídico- administrativas:

Na cláusula undécima (vixencia do convenio e modificación) do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á entidade La Unión de Sarria co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “proxecto de acondicionamento, restauración e mellora interior do edificio social da unión” na anualidade 2019 establécese que:



“A vixencia do convenio comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2019, aínda que en calquera momento e antes da finalización deste prazo, os asinantes do convenio poderán acordar de mutuo acordo a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2021, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Dentro dos prazos establecidos nos apartados precedentes desta cláusula, o convenio enténdese extinguido coa aprobación da conta xustificativa e pagamento procedente.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva”.

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á entidade La Unión de Sarria co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “proxecto de acondicionamento, restauración e mellora interior do edificio social da unión” na anualidade 2019 é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión da mesma.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que o beneficiario ten a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento, e que a proposta de addenda ao convenio é axustada á dereito, informase favorablemente a devandita addenda no sentido indicado.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar as cláusulas terceira, oitava e duodécima do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á entidade La Unión de Sarria co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Proxecto de acondicionamento, restauración e mellora interior do edificio Social da Unión” na anualidade 2019 , formalizouse o 8 de novembro de 2019., formalizado o 8 de novembro de 2019, nos termos da addenda incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa á addenda ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á entidade Asociación Veciñal Os Carreiros co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Mellora de acceso e local social” nas anualidades 2019 e 2020. (aprobado por acordo da xunta de goberno de data 24 de maio de 2019).*



Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, de data 26 de decembro de 2019, no que literalmente se establece:

“Visto o escrito remitido polo representante da Asociación Veciñal Os Carreiros, o 18 de decembro de 2019, á Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente, solicita: “(...) a ampliación do prazo de execución e xustificación ata o 31 de xuño de 2020” En relación ao asunto de referencia, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 24 de maio de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa plurianual de carácter excepcional, por importe de 19.606,78 € a favor da entidade Asociación Veciñal Os Carreiros, para sufragar os gastos derivados do proxecto “mellora de acceso e local social”, nas anualidades 2019 e 2020, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019.

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2019: 11.885,18 €

Ano 2020: 7.721,60 €.

Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 19.606,78 € que se deglosa en 11.885,18 €, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do vixente orzamento da Deputación Provincial

de Lugo para o ano 2019, para sufragar gastos derivados do proxecto “mellora de acceso e local social”, e para a anualidade 2020 por importe de 7.721,60 € adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral do 2020 a citada contía, quedando supeditada á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade e sostibilidade financeira.

Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.

O convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación Veciñal Os Carreiros co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “mellora de acceso e local social” nas anualidades 2019 e 2020, formalizouse o 3 de xuño de 2019.

O que se pretende é a modificación das cláusulas primeira, cuarta, oitava e duodécima do citado convenio de referencia, que quedarían redactadas no seguinte senso:

Obxecto do convenio

“Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Entidade beneficiaria e a Deputación de Lugo, coa finalidade de que o Organismo Provincial subvencione á Entidade beneficiaria cunha axuda económica que lle permita financiar os gastos derivados da execución da acción denominada “mellora de acceso e local social” nas anualidades 2019 e 2020, consistentes en:

No ano 2019 (e ata o 30 de xuño de 2020) dotar ao local social multi- funcional dunha senda peonil cunha cancella na entrada para unha mellor accesibilidade de persoas con mobilidade reducida, mobiliario como mesas e bancos, instalación de antena, unha mampara movable e unha dotación de cámaras de vixilancia para máis seguridade.

No ano 2020 ampliar a dotación coa construción dunha parrilla e a instalación de medios audiovisuais.



O proxecto obxecto de subvención ten un prazo de execución superior á vixencia do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo e, polo tanto, o Convenio establécese con unha duración plurianual”.

Cuarta.- Achegas e compromisos das partes

“Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen ó seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades.

Da Deputación Provincial:

Subvencionar a acción ou proxecto cunha cantidade de 19.606,78 distribuídos da seguinte forma:

11.885,18 € para o ano 2019.

e 7.721,60 € para o ano 2020.

Incluír no orzamento do ano 2020 a cantidade de 7.721,60 €, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual e polo tanto, a súa aprobación queda supeditada ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As cantidades sinaladas anteriormente non son un importe certo, fan referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5% da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

En caso de incumprimento do previsto no parágrafo anterior, procederase á redución da parte proporcional da achega económica provincial.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, procederase á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial.

A ser convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Non se aboará a subvención se o beneficiario non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Da Entidade beneficiaria:

Á realización da totalidade das actuacións previstas no proxecto que é obxecto do Convenio, con anterioridade ao 30 de xuño de 2020 (respecto á actividade da anualidade do 2019) e con anterioridade ao 31 de decembro de 2020 (respecto á actividade da anualidade do 2020) e ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do presente convenio, así como a obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución, que serán por conta de Entidade beneficiaria.

Á obter as licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística, o respecto á protección do patrimonio histórico- artístico e do medio ambiente, relativas ás actuacións subvencionadas.

Incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada, os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitalos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.

Comparecer, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.



A Entidade beneficiaria autoriza, coa sinatura do presente convenio, á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitado, a actuación subvencionada, e a súa condición de entidade financiadora.

Terá dereito a percibir o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a xustificación que se indica na cláusula oitava, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional anticipos deste convenio, de selo caso.

Poderá subcontratar con terceiros ata o cen por cen do importe da actuación subvencionada, debendo cumprir as determinacións legais e regulamentarias, entre outras, as que constan na cláusula quinta deste convenio.

A Entidade beneficiaria deberá atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. A devandita circunstancia deberá acreditarse á sinatura do convenio e ao efectuarse os pagos e, en xeral, ao longo de toda a vixencia do mesmo ata a súa total liquidación e extinción.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da axuda concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado nos artigos 14, 18.4 e concordantes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións”.

Xustificación e aboamento das subvencións

“Unha vez finalizada cada anualidade da actividade, acción ou comportamento, a Entidade beneficiaria deberá xustificar a acción, proxecto ou conducta subvencionada, en todo caso, como máximo o 30 de xuño de 2020, para a parte do proxecto executada na anualidade 2019; e o 31 de marzo de 2021, para a parte do proxecto executada na anualidade 2020. Logo de transcorrer estes prazos sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa achegada.

No desenvolvemento deste trámite aplicarase o previsto no artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, en canto a declarar aos interesados decaídos no seu dereito a este trámite.

A xustificación da subvención realizarase de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza Xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.), e na Base 24 das do orzamento xeral vixente.

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte da Entidade beneficiaria, da seguinte documentación xustificativa:

Solicitud debidamente cumprimentada.

Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.

Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterà:

Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes do financiamento (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).

Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desagregados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pago das facturas que se imputan á Deputación Provincial de Lugo.



Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación á que fai referencia o parágrafo anterior achegándoas polo custe total da actuación subvencionada. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais e poderán ser devoltos á Entidade beneficiaria, beneficiaria da subvención, se así o solicita, unha vez estampillados polo órgano xestor.

Certificacións de obra e acta de recepción da mesma. Non obstante, esta documentación poderá ser substituída, previa comunicación á Deputación polo beneficiario, por un informe favorable emitido por un técnico competente desta entidade trala súa comprobación “*in situ*”.

Dúas fotografías do investimento realizado.

Compromiso da entidade beneficiaria de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos. Non obstante establececese a obriga da beneficiaria, de achegar un documento do concello constatando a efectiva dispoñibilidade do local unha vez rematado o proxecto da obra de local social multi-funcional en fase de execución, tal e como se desprende do informe do alcalde do concello de Antas de Ulla de data 3 de maio de 2019. Desde ese momento computarase o período mínimo de dous anos.

Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, acaeceran entre o orzamento estimado e o gasto efectivamente xustificado.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervintes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por

efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data _____” asinado polo receptor, con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas, estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (Aplicarase a normativa vixente en cada momento).

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a Entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.



Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Declaración responsable de que o beneficiario asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non tramitarse o anticipo contemplado neste convenio, a Entidade beneficiaria achegará a documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridas para realizar as actuacións proxectadas, que son obxecto desta subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-311000****. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da achega até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta.

O abono da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola Entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu abono no caso de que a Entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

A falta de xustificación da subvención concedida, conforme ao réxime determinado nesta cláusula, conlevará a incoación do procedemento para declarar a perda do dereito a subvención; no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta a tramitación do correspondente procedemento de reintegro e demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Procederá o reintegro, en todo caso, dos fondos percibidos, nos supostos de incumprimento da xustificación e dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención e nos demais casos previstos neste convenio ou na normativa de aplicación”.

Prazos de xustificación.

“Unha vez finalizada a acción ou comportamento a Entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado, e en todo caso, como máximo o día 30 de xuño de 2020, para xustificar a anualidade 2019; e o 31 de marzo de 2021, para xustificar a anualidade 2020.

Logo de transcorrer o prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa achegada.

O incumprimento deste prazo adicional dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións e demais normativa de aplicación.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso de execución, as partes asinantes, poderán acordar a continuación e finalización das devanditas actuacións en curso, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas”.

Consideracións xurídico- administrativas:



Na cláusula undécima (vixencia do convenio e modificación) do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación Veciñal Os Carreiros co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “mellora de acceso e local social” nas anualidades 2019 e 2020. (aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 24 de maio de 2019), establécese que:

“O Convenio fíxase con unha vixencia plurianual, que comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2019, e estenderase ata a aprobación das xustificacións e os pagamentos correspondentes a cada anualidade; aínda que, en calquera momento e antes da finalización deste prazo, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

Así mesmo, a duración do Convenio está supeditada á existencia de crédito axeitado e suficiente en cada exercicio orzamentario, na aplicación orzamentaria 9250.789.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa correspondente á anualidade 2020 cuxo pagamento, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2022, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2021, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Dentro dos prazos establecidos nos apartados precedentes desta cláusula, o convenio enténdese extinguido coa aprobación da conta xustificativa e pagamento procedente.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva”.

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación Veciñal Os Carreiros co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “mellora de acceso e local social” nas anualidades 2019 e 2020. é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión da mesma.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que o beneficiario ten a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento, e que a proposta de addenda ao convenio é axustada á dereito, informase favorablemente a devandita addenda no sentido indicado”.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar as cláusulas primeira, cuarta, oitava e duodécima do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación Veciñal Os Carreiros co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “mellora de acceso e local social” nas anualidades 2019 e 2020, formalizado o 3 de xuño de 2019, nos termos da addenda incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, de modificación e prórroga do convenio de colaboración entre esta Deputación de Lugo para a execución do proxecto “Lugo + Biodinámico– Planificación dun barrio multi- ecolóxico como modelo de resiliencia urbana para a cidade de Lugo” presentado polo concello de Lugo á convocatoria LIFE 2014 subprograma “Acción polo Clima”.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente do seguinte teor:

“Antecedentes

Por Decreto da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo nº 2375 de data 15 de outubro de 2014, adoptouse o seguinte acordo:

“1º.- Prestar aprobación á participación como cofinanciador no proxecto “Lugo+Biodinámico– Planificación dun barrio multi-ecolóxico como modelo de resiliencia urbana para a cidade de Lugo” cun compromiso financeiro de 526.220,0 €.

2º.- Aprobar que se cumprimente e envíe o formulario titulado “Co-financer profile and commitment form” (Perfil do cofinanciador e compromiso) ao Beneficiario Coordinador do proxecto, segundo o modelo que se achega coa presente proposta.”

Con data 10 decembro de 2015, a Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA) do Concello de Lugo presentou un escrito na Deputación Provincial de Lugo (nº de rexistro de entrada 45447) no que comunicaba a concesión da subvención da Unión Europea ao Programa LIFE 2014 na súa iniciativa “Acción Polo Clima”, representada polo EASME (Executive Agency for Small and Medium-sized Enterprises) da Comisión Europea, a través da solicitude

LIFE14 CCA/ES/00489, definida como Proxecto Urbano de Adaptación ao Cambio Climático e con acrónimo: LIFE Lugo + Biodinámico.

Neste escrito, EVISLUSA achegaba unha copia do “Grant Agreement” asinado entre a Unión Europea e o Concello de Lugo.

Así mesmo, na comunicación de EVISLUSA informábase do seguinte:

Prazo de execución do proxecto: 53 meses e 13 días.

Data esperada de comezo: 18/01/2016.

Data esperada de finalización: 30/06/2020.

Orzamento total do proxecto: 3.588.551,00 €.

Orzamento total por anualidades, indicando o correspondente á Deputación Provincial de Lugo:

ANO	2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL
ANUALIDADE (€)	86.541,14	161.694,77	130.739,49	141.583,70	5.660,90	526.220,00

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada 18 de decembro de 2015, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Aprobar o convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para a Execución do proxecto “Lugo + Biodinámico – Planificación dun barrio multi-ecolóxico como modelo de resiliencia urbana para a cidade de Lugo” presentado polo Concello de Lugo á Convocatoria LIFE 2014 Subprograma “Acción Polo Clima”.

O convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para a execución do proxecto “Lugo + Biodinámico – Planificación dun Barrio Multi-



Ecológico como Modelo de Resiliencia Urbana para a cidade de Lugo” presentado polo Concello de Lugo á Convocatoria LIFE 2014 Subprograma “Acción polo Clima”, formalizouse o 21 de setembro de 2016.

O citado Convenio establece o seguinte:

Na cláusula primeira –Obxecto:

“Este Convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo para a execución do proxecto “Lugo + Biodinámico – planificación dun barrio multi-ecológico como modelo de resiliencia urbana para a cidade de Lugo” aprobado polo EASME (Executive Agency for Small and Medium-sized Enterprises) en representación da Comisión Europea, a través da solicitude LIFE14 CCA/ES/00489, definida como Proxecto Urbano de Adaptación ao Cambio Climático, coas contías económicas que se indican na cláusula seguinte.”

Na cláusula segunda.- Financiamento do convenio de colaboración:

“O Proxecto “Lugo + Biodinámico – Planificación dun barrio multi-ecológico como modelo de resiliencia urbana para a cidade de Lugo” aprobado pola Comisión Europea ten un orzamento total de 3.588.551,00 €, dos que a Deputación achegará 526.220,00 €, incluíndo nos sucesivos orzamentos anuais os seguintes importes:

ANO	2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL
ANUALIDADE (€)	86.541,14	161.694,77	130.739,49	141.583,70	5.660,90	526.220,00

A Deputación de Lugo fará efectivo o pago de cada anualidade tras certificación do Concello de Lugo manifestando ter realizado pagos polos importes que se solicitan no desenvolvemento das actuacións incluídas na globalidade do Proxecto LIFE14 CCA/ES/00489 Lugo + Biodinámico, e tendo en conta o porcentaxe que lle corresponde aportar a esta Deputación. Coa dita certificación deberá presentar unha memoria xustificativa da totalidade dos traballos realizados no Proxecto na anualidade que corresponda, xunto cunha relación de facturas e copia das mesmas, así como os oportunos xustificantes de pago polo importe da aportación desta Deputación.

O Concello de Lugo deberá presentar tamén unha declaración na que conste que a Entidade á que representa:

Está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Está ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

Non está incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para obter a condición de beneficiaria da subvención solicitada.

Os importes presupostados e non xustificadas nunha anualidade poderanse xustificar en anualidades posteriores, sempre dentro do calendario máximo de xustificación permitido pola Comisión Europea.

A Deputación de Lugo colabora no Proxecto como cofinanciador, de xeito que só contribúe ao proxecto con recursos financeiros, non ten responsabilidades técnicas, e non se pode beneficiar da contribución financeira da Unión Europea. Tampouco pode, no contexto do proxecto, actuar como subcontratista de ningún dos beneficiarios do proxecto.”

Na cláusula terceira– Duración do convenio de colaboración e causas de resolución:

“Este convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura. A duración do convenio de colaboración establécese ata a finalización de todas as actividades do Proxecto, como máximo o 30 de xuño de 2020 (salvo prórrogas que se aproben pola Comisión Europea), aínda que seguirá producindo efectos en tanto non se liquiden as obrigas que puidesen quedar pendentes.

O prazo de execución do Proxecto é de 53 meses e 13 días, estimando o comezo o 18 de xaneiro de 2016 e a finalización o 30 de xuño de 2020.



Poderán ser causas de resolución as seguintes:

Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.

Denuncia do convenio feita por calquera das partes en calquera momento, producindo efecto, salvo acordo noutro sentido, aos dous meses da súa notificación fidedigna.

Por vontade dunha das partes por incumprimento grave de calquera das cláusulas do Convenio, notificando previamente a devandita vontade de resolución, ademais da necesaria continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, para non prexudicar a súa continuidade, producindo efecto, salvo acordo noutro sentido, aos 15 días da súa notificación.

No suposto de extinción do Acordo por causa diferente á expiración do prazo de vixencia, se procederá, no seu caso, á liquidación administrativa das obrigas contraídas até ese momento.”

O Xerente do Proxecto LIFE Lugo+Biodinámico do Concello de Lugo remitiu o 13 de setembro de 2019 (nº de rexistro de entrada 19.735) unha comunicación de concesión da prórroga do citado Proxecto LIFE por parte da Comisión Europea, no que literalmente se recolle o seguinte:

“O día 17 de xullo o Concello de Lugo solicitou á Comisión Europea a extensión do proxecto LIFE Lugo+Biodinámico un período de 18 meses, de modo que o proxecto tivese como data de finalización o día 31/12/2021. Inicialmente a data de finalización do proxecto estaba programada para o día 30/06/2020. O día 11 de setembro de 2019 recibimos comunicación oficial da Comisión Europea pola que se nos concedía a extensión do proxecto LIFE Lugo+Biodinámico.

Tendo en conta que o 21 de setembro de 2016 asinou o Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para a execución do proxecto “Lugo + Biodinámico – Planificación dun Barrio Multi-Ecolóxico como Modelo de Resiliencia Urbana para a cidade de Lugo” presentado polo Concello de Lugo á Convocatoria LIFE 2014 Subprograma “Acción polo Clima”. E que na cláusula terceira do mencionado Convenio de Colaboración

(Duración do convenio de colaboración e causas de resolución) contéplase a posibilidade de prórroga aprobada por parte da Comisión Europea.

Axúntase a comunicación oficial de concesión de prórroga por parte da Comisión Europea para os efectos oportunos no Convenio de colaboración asinado entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para a execución do proxecto “Lugo + Biodinámico – Planificación dun Barrio Multi-Ecolóxico como Modelo de Resiliencia Urbana para a cidade de Lugo” presentado polo Concello de Lugo á Convocatoria LIFE 2014 Subprograma “Acción polo Clima”.

A comunicación do Concello de Lugo inclúe a comunicación oficial da concesión de prórroga por parte da Comisión Europea.

Revisada a documentación presentada, e co obxectivo de adaptar o Convenio formalizado co Concello de Lugo o 21 de setembro de 2016 aos novos prazos concedidos pola Comisión Europea, con data 8 de outubro de 2019 requiriuse ao Concello de Lugo para que presentase o novo cadro orzamentario do proxecto actualizado ao novo prazo de execución, indicando as anualidades, as actuacións do proxecto, os orzamentos e os porcentaxes de imputación de custes ao Concello de Lugo e á Deputación de Lugo.

Con data 24 de outubro de 2019, a Xerencia do Proxecto LIFE Lugo+Biodinámico do Concello de Lugo presentou a súa resposta ao requirimento, no que literalmente se recolle o seguinte:

“Atendendo a dito requirimento achégase a continuación a información solicitada:

O orzamento inicial do proxecto LIFE Lugo+Biodinámico sufriu variacións típicas asociadas aos proxectos LIFE, xa que inicialmente estimáronse accións e actividades cunha duración maior a 3 anos, polo que durante a execución das mesmas prodúcense alteracións orzamentarias en partidas de gasto, novas partidas orzamentarias non contempladas, así como variacións nas estimacións de execución de gasto nas diferentes anualidades.



DEPUTACIÓN DE LUGO

No caso do proxecto LIFE Lugo+Biodinámico, o custe total asumido polo Concello de Lugo incrementouse con respecto ao rozamento inicial, xa que é necesario abordar a execución do edificio Impulso Verde de acordo cos condicionantes establecidos no proxecto, así como o propio Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela. Este incremento do orzamento é asumido ao 100% polo Concello de Lugo, de modo que as porcentaxes de distribución do gasto non se modificaron, así como a achega monetaria da Deputación de Lugo.

Por esta razón pódese observar unha diferenza da achega municipal con respecto á sinatura do convenio inicial. No entanto, incídese en que o importe a achegar pola Deputación de Lugo mantense invariable.

Distribución orzamentaria de acordo ao Convenio Inicial		IMPORTE	
TOTAL PROXECTO		1.768.900,00 €	
TOTAL CLUGO+DLUGO		1.067.560,00 €	%
CUSTE CLUGO		541.340,00 €	50,71 %
CUSTE DLUGO		526.220,00 €	49,29%

A continuación recóllese o novo cadro orzamentario e as porcentaxes de imputación de custes para as novas anualidades de acordo as estimacións de gasto realizadas.



LIFE – CADRO ORZAMENTARIO PARA AS NOVAS ANUALIDADES										
ACC	DESCRIPCIÓN	100% COSTE	Custe CLUGO DLUGO	2016	2017	2018	2019	2020	2021	TOTALS LIFE CLUGO DLUGO
A1	Persoal municipal	39.282,03	15.712,81			7.432,81	3.080,00	2.600,00	2.600,00	15.712,81
C1	Redacción catálogo de solucións de deseño urbano Adapt+	44.900,00	17.960,00				17.960,00			17.960,00
A4/ C2	Plan Estratégico Biodinámico	122.978,00	49.191,20				171,20	49.020,00		49.191,20
C3	Planificación de zonas de confort climático residencial (ZCCR)	55.000,00	22.000,00					22.000,00		22.000,00
E	Actividades de difusión e sensibilización	245.807,59	98.323,04	2.660,64	240,00	240,40	66.002,00	12.792,00	16.388,00	98.323,04
E5/ F2	Asistencia a actos, eventos, congresos para promoción	33.000,00	13.200,00	1.267,28	0,00	705,33	208,35	5.600,00	5.424,04	13.200,00
F1	Asistencia técnica de xestión e seguimento do proxecto	167.000,00	66.800,00			16.700,00	25.050,00	25.050,00		66.800,00
F4	Auditoría	5.300,00	2.120,00				706,67	706,67	706,67	2.120,00
C11	Prototipo-Edif Impulso Verde (gridshell)	197.843,25	79.137,30					63.309,84	15.827,46	79.137,30
C11	Prototipo-Edif Impulso Verde	1.069.932,78	926.059,30					727.554,29	198.505,01	926.069,30
C11	Xardín vertical Edif Impulso Verde	18.000,00	7.200,00					7.200,00	7.200,00	7.200,00
TOTALES LIFE		1.999.043,65	1.297.703,65	3.927,91	240,00	25.078,54	113.173,22	908.632,80	246.651,18	1.297.703,65
			CLUGO	1.989,09	121,70	12.714,82	57.378,82	460.676,83	8.458,74	541.340,00
			DLUGO	1.938,82	118,30	12.363,72	55.794,40	125.000,00	331.004,76	526.220,00
			CLUGO ENGADIDO	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	230.143,65	230.143,65

Distribución orzamentaria actualizada de acordo ás novas anualidades

	IMPORTE	%	%
TOTAL PROXECTO	1.999.043,65 €		
TOTAL CLUGO+DLUGO	1.297.703,65 €	COMPARTIDO	EXCLUSIVO CLUGO
CUSTE CLUGO INICIAL	541.340,00 €	50,71%	
CUSTE DLUGO	526.220,00 €	49,29 %	
CUSTE CLUGO ENGADIDO	230.143,65 €	- %	100,00 %

Será aceptado como xustificación por parte da Deputación de Lugo gasto aceptado en anos anteriores

O Xerente do Proxecto LIFE Lugo+Biodinámico

Boris Hinoja Sánchez

Boris Hinoja Sánchez
En Lugo, 23 de outubro de 2019.



Por todo o anteriormente citado, é necesario introducir modificacións no convenio, motivadas pola necesidade de modificar tanto os prazos como o reparto orzamentario por anualidades. Por outra banda, cómpre adaptar o convenio á nova Lei 4/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, tal e como esixe a Disposición adicional oitava do citado texto legal.

Deste xeito preténdese, en primeiro lugar, prorrogar o convenio desde o día 1 de xullo de 2020 ata o 31 de decembro de 2021 . No caso de posteriores concesións de aprazamentos por parte da Comisión Europea, en ningún caso a duración da prórroga do convenio poderá superar o período de catro anos adicionais establecido polo artigo 49.h.2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En segundo lugar, preténdese a modificación do convenio de colaboración de referencia, no seguinte senso:

Denominación do convenio.- Quedaría redactado como sigue: “Convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para a execución do proxecto “Lugo + Biodinámico – Planificación dun barrio multi-ecolóxico como modelo de resiliencia urbana para a cidade de Lugo” Presentado polo Concello de Lugo á convocatoria LIFE 2014 Subprograma “Acción polo Clima”

Na cláusula segunda.- Financiamento do convenio de colaboración

Na cláusula segunda modifícase o cadro orzamentario co reparto anual resultante das modificacións formuladas polo Concello de Lugo, que quedará redactado como segue, manténdose o resto da cláusula inalterada:

ANO	2016	2017	2018	2019	2020	2021	TOTAL
ANUALIDADE (€)	1.938,82	118,30	12.363,72	55.794,40	125.000,00	331.004,76	526.220,00

Na cláusula terceira.– Duración do convenio de colaboración e causas de resolución.



Modifícase na súa totalidade a cláusula terceira que queda redactada como segue:

“Duración do convenio de colaboración

Este convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura. A duración do convenio de colaboración establécese ata a finalización de todas as actividades do proxecto, como máximo o 30 de xuño de 2020 (salvo prórrogas que se aproben pola Comisión Europea), aínda que seguirá producindo efectos en tanto non se liquiden as obrigas que puidesen quedar pendentes.

As posibles prórrogas do presente convenio que se acorden non poderán superar os catro anos.

O prazo de execución do Proxecto é de 71 meses e 13 días, estimando o comezo o 18 de xaneiro de 2016 e o remate o 31 de decembro de 2021.

Modificación

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante adenda ao mesmo.

Extinción, efectos e resolución

O convenio extinguirase polo incumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O incumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).”

Na cláusula quinta.– Comisión de Seguimento.

Modifícase na súa totalidade a cláusula quinta que queda redactada como segue:

“Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión de Seguimento integrada polo Presidente da Deputación Provincial de Lugo e a Alcaldesa do Concello de Lugo.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

Velar polo cumprimento deste convenio.

Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.



Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.”

Engádese una nova cláusula, coa seguinte redacción:.

“Cláusula sétima.- Sistema de intercambio de información e transmisión de datos entre administracións.

A información e documentación obtidas con ocasión da execución deste Convenio, só poderán ser utilizadas aos meros efectos do cumprimento do mesmo, quedando prohibido calquera outro uso, a conservación de copias e a cesión a terceiros, total ou parcial.

O seu tratamento acollerase á regulación contida no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, aínda que tendo en conta o previsto na disposición adicional décimo cuarta e na disposición transitoria cuarta de devandita lei orgánica sobre a aplicación da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.”

As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por estas modificacións, permanecerán invariables.

Con data 23 de decembro de 2019, o Servizo de Medio Ambiente desta Deputación emitiu informe favorable acerca da modificación e prórroga do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para a execución do proxecto “Lugo + Biodinámico – Planificación dun Barrio Multi- Ecolóxico como Modelo de Resiliencia Urbana para a cidade de Lugo” presentado polo Concello de Lugo á Convocatoria LIFE 2014 Subprograma “Acción polo Clima”, a medio de adenda (que se achega xunto con esta proposta).

Posteriormente, o Servizo de Contratación e Fomento emitiu informe favorable con data 27/12/2019, e a Intervención con data 30/12/2019.

Neste informe de Intervención especificase o seguinte:

Existe consignación orzamentaria na aplicación 1720.76200 do vixente orzamento xeral para a cantidade de 55.794,40 € na anualidade 2019.

O financiamento da anualidade 2020, ascendente a 125.000,00 euros (dos cales 85.789,30 € proceden de remanentes), queda supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, estando incluída nos orzamentos de 2020 aprobado inicialmente polo pleno de 5 de decembro de 2019, na aplicación indicada.

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021, a cantidade de 331.004,76 €.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación e a prórroga e do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para a Execución do proxecto “Lugo + Biodinámico – Planificación dun barrio multi- ecolóxico como modelo de resiliencia urbana para a cidade de Lugo” presentado polo Concello de Lugo á Convocatoria LIFE 2014 Subprograma “Acción Polo Clima”, a medio de adenda, na que se fagan constar as modificacións identificadas na presente proposta.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Cuarto.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional plurianual outorgada por esta Deputación de Lugo á entidade “Gaitafilmes S.L.” co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Welcome to ma maison” nas anualidades 2019 e 2020.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa plurianual de carácter excepcional a conceder á entidade Gaitafilmes S.L. co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Welcome to ma maison” durante as anualidades 2019 e 2020, polo importe 30.000,00 € constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe da Área de Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2019 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 5,1-c) "Turismo", titulada “Outras Actuacións Específicas” da Área de Turismo, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e que se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 30.000,00€, para o período 2019-2020, ambos inclusive (15.000,00€/anuais), a favor da entidade Gaitafilmes S.L. para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Welcome to ma maison”, subvención incluída na liña 5,1-c) "Turismo", titulada “Outras Actuacións Específicas, da Área de Turismo, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2020.

2º.- Aprobar o gasto de carácter plurianual polo importe total de 30.000,00€, a favor da entidade Gaitafilmes S.L., para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Welcome to ma maison”, e que se desglosa en 15.000,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 4320.47900 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, e 15.000,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 4320.47900 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, quedando supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Quinto.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á Asociación Galega de Profesionais da Ilustración co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “2º encontro de banda deseñada histórica de Galicia: difusión e obradoiros para nenos” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación Galega de Profesionais da Ilustración co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “2º Encontro de Banda Deseñada Histórica de Galicia: Difusión e Obradoiros para nenos” durante a anualidade 2019, polo importe 1.444,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2019 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 5.2-c), titulada "Cultura" (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 1.444,00 €, a favor da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “2º Encontro de Banda Deseñada Histórica de Galicia: Difusión e Obradoiros para nenos”, na anualidade 2019, subvención incluída na Liña 5.2-c), titulada “Cultura” (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 1.444,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3340.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019 a favor da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, para sufragar gastos derivados da actuación denominada “2º Encontro de Banda Deseñada Histórica de Galicia: Difusión e Obradoiros para nenos”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Sexto.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á Asociación Corazóns Artesáns co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adquisición de carpa” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación Corazóns Artesáns, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adquisición de carpa”, polo importe de 626,48€, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a Provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital etc).

O obxecto que se persegue con esta subvención é fomentar e poñer en valor a figura do asociacionismo e a colaboración da cidadanía, promovendo a súa participación e presenza na vida política, económica, cultural e social, especialmente da muller, para fomentar a súa igualdade cos homes, tratando de que os cidadáns sexan suxeitos sociais con unha maior capacidade para transformar o medio no que habitan, e que redundará no desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 626,48€ a favor da entidade Asociación Corazóns Artesáns, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Adquisición de carpa”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 626,48€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Asociación



Corazóns Artesáns, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Adquisición de carpa”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sétimo.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á Asociación Cultural Tunantas co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “VIII Festa da xuventude Antas de Ulla 2019” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación Cultural Tunantas, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “VIII Festa da Xuventude Antas de Ulla 2019”, no municipio de Antas de Ulla, polo importe de 4.750,00€, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a Provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital etc).

O obxecto que se persegue con esta subvención é fomentar a participación cidadá e o asociacionismo veciñal no municipio de Antas de Ulla, de ámbito de rural. Tentar que a cidadanía participe e colabore nos asuntos que lles son propios, tratando de encontrar solucións aos problemas e acadar maiores niveis de benestar, transformando o medio no que habitan, e xerando á súa vez riqueza para a provincia, no seu conxunto.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:



1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 4.750,00€ a favor da entidade Asociación Cultural Tunantas, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “VIII Festa da Xuventude Antas de Ulla 2019”, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 4.750,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48911 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Asociación Cultural Tunantas, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “VIII Festa da Xuventude Antas de Ulla 2019”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Oitavo.- *Proposta relativa ao convenio da subvención nominativa outorgada por esta Deputación de Lugo ao Club Ciclista Terra Chá, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Ruta BTT Terra Chá Queixo San Simón da Costa.” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter nominativo a conceder ao Club Ciclista Terra Chá co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado Ruta BTT Terra Chá Queixo San Simón da Costa, polo importe de 3.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Réximen Interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo) e que se adecúa ao convenio tipo aprobado por esta Deputación.

O devandito texto do convenio tipo de subvención nominativa máis os seus anexos, unha vez informado pola Secretaría Xeral, foi aprobado por esta Deputación mediante resolución da Presidencia de data 6 de marzo de 2019, e modificado con datas 21 de marzo e 25 de xuño de 2019.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de tal, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe da Área de Réximen Interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo), no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

No Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019 se recolle unha subvención nominativa a favor da Club Ciclista Terra Chá, por importe de 3.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4320.48900 en concepto de gastos derivados da actuación denominada “Ruta BTT Terra Chá Queixo San Simón da Costa ”

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación que se refire á colaboración co beneficiario na “Ruta BTT Terra Chá Queixo San Simón da Costa”. Esta finalidade está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017 – 2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 23 de xuño de 2017, e actualizado por acordo da Xunta de Goberno de en sesión de 8 de febreiro de 2019.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Outorgar a subvención directa nominativa, por importe de 3.000,00 € a favor do “Club Ciclista Terra Chá” para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Ruta BTT Terra Chá



Queixo San Simón da Costa”, subvención incluída na liña 5.1-a), que leva por título “Turismo” (Subvencións directas nominativas), da Área de Turismo e Cultura, Servizo de Turismo, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 3.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4320.48900 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor do “Club Ciclista Terra Chá”, para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Ruta BTT Terra Chá Queixo San Simón da Costa”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo) e que se adecúa ao convenio tipo aprobado por esta Deputación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Noveno.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á Asociación Española de Economía Agraria para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da acción denominada “XII Congreso de Economía Agraria”, na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“No Plan Estratéxico de subvencións anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2019, do Plan Estratéxico de subvencións 2017-2019, están previstos, na liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, correspondente á Área funcional de Promoción Económica e Social-Emprego, dentro das actuacións específicas previsibles para o exercicio económico 2019, un custo estimado e un orzamento dispoñible inicialmente de 310.250 €; podendo os proxectos ou actividades desta liña ser dotados a través dos distintos mecanismos de modificación orzamentaria.

Por outra banda, don Raúl Compés López, en nome e representación da Asociación Española de Economía Agraria, presentou, o 4 de marzo de 2019, ante o Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, escrito mediante o cal solicita a concesión dunha subvención directa de carácter excepcional, para sufragar os gastos derivados da execución da acción denominada “XII Congreso de Economía Agraria”, durante a anualidade 2019.

En relación co expediente correspondente a dita solicitude, e tendo en conta a documentación que obra naquel e, ademais, o disposto:

Na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS);

no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (RLXS);

na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG);

na Ordenanza Xeral de Subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo e INLUDES (publicada no BOP nº 53, do 7 de marzo de 2005);

na súa modificación publicada no BOP nº 160, do 13 de xullo de 2006;

na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público;

no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais;

e nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019;

queda acreditado que a concesión directa da subvención ampárase na normativa vixente que habilita para utilizar este procedemento; constando no mesmo, asemade, a seguinte documentación:



Convenio que instrumenta a concesión da dita subvención.

Acreditación de que a entidade solicitante se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que, así mesmo, non se atopa en ningunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, que levan aparellada a prohibición de obter a condición de beneficiario de subvencións.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Unidade de Intervención e cuxo resultado é de conformidade.

Finalmente, consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2019, o órgano competente para o outorgamento da subvención é o Presidente, a proposta do Delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000 de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores; entendéndose aprobadas a autorización e disposición do gasto polo acordo ou resolución de concesión.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º- Que se outorgue a subvención directa excepcional, por importe de 5.000 €, a favor da Asociación Española de Economía Agraria, para sufragar os gastos derivados da execución da acción denominada “XII Congreso de Economía Agraria“ na anualidade 2019; subvención incluída na liña 3.1, que leva por título: Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, da Área funcional de Promoción Económica e Social – Emprego, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019.

2º.- Que se aprobe o gasto polo importe de 5.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4330.48911 do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019, a favor da entidade e coa finalidade descritas no parágrafo anterior.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a “Programación cultural 2019” (ano 2019).*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

(....)

“En relación co escrito, presentado por don Fernando Suárez Barcia, en nome e representación do Concello de Ribadeo, con data 17/12/19 mediante o que solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público- público) para a realización conxunta polo Concello de Ribadeo e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “Programación Cultural 2019”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos Xurídicos

A relación interadministrativa de cooperación (público- público) que se pretende coa formalización do convenio para a “Programación Cultural 2019” enmárcase no escenario dunha



colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter- administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren á Programación Cultural no ano 2019, que

comprende un continuo e diversificado conxunto de actividades de dinamización cultural promovidas polo Concello de Ribadeo (teatro, música, danza, cine, etc.), que se caracteriza por tres particularidades: ten como destinatario todo tipo de público (adulto, xuvenil e infantil), se realiza en diversas localizacións (tanto na vila como nas parroquias do rural) e pretende dar visibilidade a proxectos levados a cabo por persoas ou colectivos da comarca da Mariña Oriental.

En canto á necesidade e oportunidade deste convenio, procede sinalar que se trata de divulgar a riqueza da programación cultural desta comarca e favorecer unha oferta diversa e de calidade, que poida concitar o interese do público, a través de seguintes accións:

Música: actuación da Banda da AC Nuestra Señora del Carmen de Ferrol na ofrenda tradicional á Virxe dos Remdios; músicas comunais nas parroquias; e concerto de Sta. Cilla e Festival de Panxoliñas da Coral Polifónica de Ribadeo.

Teatro: representación da obra teatral “El mal de la piedra” da compañía arxentina “El vacío fértil”.

Cine: proxección de “O que arde” e charla e traslado do director á estrea no cine ao que acudiron gratuitamente 500 alumnos.

Difusión desta programación cultural, a través de: impresión das axendas culturais do 4º trimestre; cartelería, entradas, carteis e bandas adhesivas ou gastos de imprenta.

Medios técnicos e auxiliares para realizar unha programación cultural de calidade nos seguintes ámbitos: asistencia técnica no concerto de Tonina Saputo; servizos auxiliares vinculados á programación anterior, así como vinculados coa oferta cultural do ano 2019.

En canto ao seu impacto económico, o Concello de Ribadeo atópase nunha posición estratéxica na Comarca da Mariña Oriental, como cabeza de comarca, dado que serve de foco de atracción e de crecemento no número de visitantes, o que constitúe unha fonte de desenvolvemento cultural, social, económico e turístico da vila; así mesmo, supón un motor fundamental das



estratexias de diversificación, que axuda a este destino a enriquecer a súa oferta cultural e atraer a diferentes públicos.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de

execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, procede sinalar que, segundo artigo 54.41 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 56, de data 10 de marzo de 2011, que sinala que lle corresponde ao Presidente/a aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde ao Presidente da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 8.562,10 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Ribadeo, de acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 115,13 €; e, así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Programación Cultural 2019” (ano 2019). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:



1º. Aprobar o o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Programación Cultural 2019” (ano 2019) por importe total de 8.677,23 €.

2º. Aprobar o gasto de 8.562,10 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor do Concello de Ribadeo, para sufragar os gastos derivados da “Programación Cultural 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo primeiro.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación de Lugo e o Concello de Pobra do Brollón para o “Equipamento do salón de actos da casa da cultura “Olga Novo” (ano 2019).*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

(....)

“En relación co escrito, presentado por don José Luis Maceda Vilariño, en nome e representación do Concello de Pobra do Brollón, con data 19/11/19 mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Pobra do Brollón e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “Equipamento do salón de actos da Casa da Cultura “Olga Novo””, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos Xurídicos

A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a “Equipamento do salón de actos da Casa da Cultura “Olga Novo” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter- administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.



A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren á renovación da dotación de equipamento da Casa de Cultura “Olga Novo” da Pobra de Brollón, para mellorar as condicións técnicas de desenvolvemento das múltiples actividades culturais que programa anualmente, e que consiste en: Equipo de son, Cortina acústica, e Equipamento de iluminación.

En canto á necesidade e oportunidade deste convenio, procede sinalar que neste centro cultural se realiza unha acción social e cultural prioritaria e diversificada, en canto á realización de actividades de difusión, formación e creación en diferentes ámbitos da cultura (debuxo, lectura, música, cinema, memoria histórica, medio ambiente, igualdade), así como dinamización e potenciación de proxectos culturais galegos e internacionais, como se reflicte na relación de actividades realizadas no ano 2019 e nas propostas de programación para o ano 2020.

En relación ao seu impacto económico, as diversas actividades desenvolvidas xeran unha atracción, non só para habitantes do Concello da Pobra de Brollón, senón que tamén para a veciñanza de concellos limítrofes como poden ser Bóveda, O Incio ou Ribas de Sil, e incluso ten unha grande repercusión na cabeceira de comarca que se ubica en Monforte de Lemos.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pobra do Brollón, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, procede sinalar que, segundo artigo 54.41 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 56, de data 10 de marzo de 2011, que sinala que lle corresponde ao Presidente/a aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde ao Presidente da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.



A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 6.759,30 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Pobra do Brollón, comprométese a realizar as achegas económicas que poidan superar o orzamento previsto.

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Equipamento do salón de actos da Casa da Cultura “Olga Novo” (ano 2019). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º. Aprobado o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Equipamento do salón de actos da Casa da Cultura “Olga Novo” (ano 2019) por importe total de 6.759,30 €.

2º. Aprobado o gasto de 6.759,30 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.76200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor do Concello de Pobra do Brollón, para sufragar os gastos derivados do “Equipamento do salón de actos da Casa da Cultura “Olga Novo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo segundo.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á entidade Asociación Foro Enrique Peinador, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actividade denominada “Día da Galeguidade Empresarial”, na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“No anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2019, do Plan Estratéxico de subvencións 2017-2019, están previstos, na liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, correspondente á Área funcional de Promoción Económica e Social- Emprego, dentro das actuacións específicas previsibles para o exercicio económico 2019, un custo estimado e un orzamento dispoñible inicialmente de 310.250 €; podendo os proxectos ou actividades desta liña ser dotados a través dos distintos mecanismos de modificación orzamentaria.

Por outra banda, dona Carmen Pérez Vaquero, en nome e representación da entidade Asociación Foro Enrique Peinador, presentou, o 13 de novembro de 2019, ante o Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, escrito mediante o cal solicita a concesión dunha subvención directa de carácter excepcional, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Día da Galeguidade Empresarial”, durante a anualidade 2019.

En relación co expediente correspondente a dita solicitude, e tendo en conta a documentación que obra naquel e, ademais, o disposto:

Na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS);

no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (RLXS);

na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG);

na Ordenanza Xeral de Subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo e INLUDES (publicada no BOP nº 53, do 7 de marzo de 2005);

na súa modificación publicada no BOP nº 160, do 13 de xullo de 2006;

na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público;



no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais;

e nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019; queda acreditado que a concesión directa da subvención ampárase na normativa vixente que habilita para utilizar este procedemento; constando no mesmo, asemade, a seguinte documentación:

Convenio que instrumenta a concesión da dita subvención.

Acreditación de que a entidade solicitante se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que, así mesmo, non se atopa en ningunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, que levan aparellada a prohibición de obter a condición de beneficiario de subvencións.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Unidade de Intervención e cuxo resultado é de conformidade.

Finalmente, consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2019, o órgano competente para o outorgamento da subvención é o Presidente, a proposta do Delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000 de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores; entendéndose aprobadas a autorización e disposición do gasto polo acordo ou resolución de concesión.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 4.308,20 €, a favor da entidade Asociación Foro Enrique Peinador,

para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Día da Galeguidade Empresarial” na anualidade 2019; subvención incluída na liña 3.1 que leva por título: Fomento da Promoción Económica e Social da provincia de Lugo, da Área funcional de Promoción Económica e Social– Emprego, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019.

2º.- Que se aprobe o gasto polo importe de 4.308,20 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4330.48911 do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019, a favor da entidade e coa finalidade descritas no parágrafo anterior.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo terceiro.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á Asociación de Veciños "O Pazo" Santa Mariña co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Mobiliario: cadeiras e mesas encartabeis e calefactor” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación de Veciños "O Pazo" Santa Mariña, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Mobiliario: cadeiras e mesas encartabeis e calefactor”, polo importe de 2.832,64€, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:



Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a Provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital etc).

O obxecto que se persegue con esta subvención é dotar aos veciños de Santa María do Castro de Amarante, no concello de Antas de Ulla, do equipamento necesario para poder desenvolver as súas actividades veciñais de carácter asociativo e colaborativo, mellorando as súas condicións de participación. En resume, trátase de mellorar as condicións para que a poboación do rural se asocie, participe e colabore de forma conxunta nas actividades organizadas por e para eles. Son os propios veciños os que, a través do asociacionismo e a colaboración e participación conxunta, deben obter solucións aos problemas que lles afectan.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 2.832,64€ a favor da entidade Asociación de Veciños “O Pazo” Santa Mariña, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Mobiliario: cadeiras e mesas encartabeis e calefactor”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 2.832,64€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Asociación DE Veciños “O Pazo” Santa Mariña, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Mobiliario: cadeiras e mesas encartabeis e calefactor”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo cuarto.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á asociación cultural "Os Trece Roeis" co*



obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Concerto Heredeiros Da Crus” na anualidade 2019.

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociacion Cultural "Os Trece Roeis", co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Concerto Heredeiros da Crus”, na localidade de Ferreira de Pantón (Pantón), polo importe de 3.000,00€, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a Provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital etc).

O obxecto que se persegue con esta subvención é realizar unha actividade, en torno a cal se reúna a veciñanza dun municipio do rural, e que trata de fomentar a colaboración, a participación e o asociacionismo veciñal, en todos os aspectos. En resume, trátase de promover as condicións favorables para que a poboación (veciñanza), especialmente a das zonas rurais, participe, colabore, e se asocie, para actuar como suxeitos sociais con unha maior capacidade para transformar o medio no que habitan, e intentando ademais crear unha cultura do asociacionismo en xeral, e que redundará en beneficios para a colectividade e para a xeración de riqueza no territorio provincial, no seu conxunto.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 3.000,00€ a favor da entidade Asociación Cultural "Os Trece Roeis", para sufragar os gastos derivados da execución da actuación "Concerto Heredeiros da Crus", subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobado o gasto de 3.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48911 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Asociación Cultural "Os Trece Roeis", para sufragar os gastos derivados da execución da actuación "Concerto



Heredeiros da Crus”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo quinto.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á Asociación Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Promoción Productos Autóctonos da Comarca De Lugo” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Promoción productos autóctonos da comarca de Lugo”, polo importe de 3.002,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 1.501,00€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 5.1 - Turismo, pertencente á área funcional de Turismo e Cultura, actualmente denominada Réxime Interior, Promoción do territorio e Turismo, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico promover a imaxe turística da provincia de cara ao exterior, entendendo que a iniciativa privada poderá colaborar na súa promoción turística.

O obxecto que se persegue con esta subvención é potenciar as feiras, festas, mercados e romarías como produto turístico; ademais de promocionar e exaltar os produtos autóctonos da comarca e a provincia de Lugo; e promover desta forma a imaxe turística da provincia cara ao exterior. En resume, potenciar e promover a realización de festas e eventos, que xirando en torno aos produtos autóctonos producidos e elaborados na provincia, configúranse como paquetes turísticos diferenciados, sobre os que se asenta o turismo nas súas distintas vertentes (enogastronómico, rural, enoturismo, agroalimentario, etc), e que vai repercutir no turismo xeral da provincia, no seu conxunto.



Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 3.002,00€ a favor da entidade Asociación Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Promoción produtos autóctonos da comarca de Lugo”, subvención incluída na Liña 5.1 - Turismo, pertencente á área funcional de Turismo e Cultura, actualmente denominada Réxime Interior, Promoción do territorio e Turismo, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobado o gasto de 3.002,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4320.48911 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Asociación Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Promoción produtos autóctonos da comarca de Lugo”.

3º.- Aprobado o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo sexto.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas co obxecto de colaborar na actuación “Camiño Escena Norte-Lugo: Formación, Difusión e Producción” (ano 2019).*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas co obxecto de

colaborar no financiamento da actuación denominada “Camiño Escena Norte-Lugo: formación, difusión e produción”, durante a anualidade 2019, polo importe de 7.931,55 €, co pagamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 3.965,78 €, con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2019 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 5.2-c), titulada "Cultura" (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.



Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 7.931,55 €, a favor da entidade Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas para sufragar os gastos derivados da actuación “Camiño Escena Norte-Lugo: formación, difusión e produción”, subvención incluída na Liña 5.2.c) que leva por título “Outras actuacións específicas” das recollidas, na Área de Turismo e Cultura (Servizo de Cultura) do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

2º.- Aprobado o gasto de 7.931,55 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas, para sufragar os gastos derivados da actuación “Camiño Escena Norte-Lugo: formación, difusión e produción”.

3º.- Aprobado o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo sétimo.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á insigne Cofradía de la Santísima Virgen de la Esperanza co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Restauración Paso Oración y Manto Auxiliar” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Insigne Cofradía de la Santísima Virgen de la Esperanza co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Restauración Paso

Oración y Manto Auxiliar” durante a anualidade 2019, polo importe 4.703,45 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2019 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 5.2-c), titulada "Cultura" (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:



1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 4.703,45 €, a favor da Insigne Cofradía de la Santísima Virgen de la Esperanza, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Restauración Paso Oración y Manto Auxiliar”, na anualidade 2019, subvención incluída na Liña 5.2-c), titulada “Cultura” (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 4.703,45 € con cargo a aplicación orzamentaria 3340.789 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019 a favor da Insigne Cofradía de la Santísima Virgen de la Esperanza, para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Restauración Paso Oración y Manto Auxiliar”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo oitavo.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación de Lugo e o Concello da Pastoriza para o “Equipamento audiovisual para centro socio cultural da parroquia de A Pastoriza e de calefacción no centro social da parroquia de San Cosme de Piñeiro- A Pastoriza” (ano 2019).*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

“En relación co escrito, presentado por dona Elva Carrera González, en nome e representación do Concello da Pastoriza, con data 05/12/19 mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público- público) para a realización conxunta polo Concello da Pastoriza e a Deputación Provincial de Lugo dunha

actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “Equipamento audiovisual para Centro Socio Cultural da parroquia de A Pastoriza e de calefacción no Centro Social da parroquia de San Cosme de Piñeiro-A Pastoriza”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos Xurídicos

A relación interadministrativa de cooperación (público- público) que se pretende coa formalización do convenio para a “Equipamento audiovisual para Centro Socio Cultural da parroquia de A Pastoriza e de calefacción no Centro Social da parroquia de San Cosme de Piñeiro-A Pastoriza” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).



O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren á execución de dúas actuacións para dotar de equipamento específico a dous edificios: o Centro Socio-Cultural da Pastoriza e o Local Social de San Cosme, que forman parte da rede de centros sociais pertencentes ao Concello da Pastoriza que ten implantados nas distintas parroquias do termo municipal co fin de potenciar o asociacionismo, fomentar a inter-relación veciñal e o desenvolvemento das distintas actividades culturais, educacionais e sociais en cada parroquia.

En canto á necesidade e oportunidade deste convenio, procede sinalar que se trata de cubrir as necesidades actuais de equipamento de dúas edificacións:

Centro Social da parroquia da Pastoriza. Trátase de renovar o equipamento audiovisual existente no Salón de Actos, que xa non funciona correctamente e que quedou obsoleto desde a súa instalación no ano 2004. Isto condiciona considerablemente o desenvolvemento da oferta de actividades culturais que se organizan neste centro, que poden consistir en: charlas, conferencias, coloquios, e presentacións (entre outros), que teñen como potenciais destinatarios principalmente as mulleres, as persoas maiores, e a mocidade, e que abordan diversas temáticas: culturais, socio-sanitarias, educacionais e de espaxamento.

Local Social da parroquia de San Cosme. Preténdese dotar dun sistema de calefacción á antiga escola unitaria da parroquia, hoxe reconvertida neste centro social que sitúa na planta baixa do edificio e que carece deste equipamento. Isto dificulta a programación de actividades nos meses de inverno nunhas condicións favorables para acadar unha certa afluencia ás actividades que se organizan, e que están fundamentalmente dirixidas a persoas maiores.

A través da instalación deste equipamento poderase aproveitar mellor este local nas épocas de máis frío para o desenvolvemento de actividades cunhas condicións de confort e temperatura axeitadas.

En relación ao seu impacto económico, o acondicionamento destes dous inmobles con sistema audiovisual e sistema de calefacción permitirá contar con dous espazos acondicionados para desfrutar das actividades culturais, cunha imponderable mellora na oferta cultural, e a posibilidade de aumentar a proporción de usuarios e demais visitantes, que redundará no incremento das vendas dos negocios de hostalería do Concello, así como na ampliación dos servizos públicos que se prestan, co que isto supón unha mellora da sociedade do benestar para o conxunto da veciñanza.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pastoriza, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:



“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, procede sinalar que, segundo artigo 54.41 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 56, de data 10 de marzo de 2011, que sinala que lle corresponde ao Presidente/a aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde ao Presidente da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 6.451,72 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello da Pastoriza, comprométese a realizar as achegas económicas que poidan superar o orzamento previsto.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pastoriza para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Equipamento audiovisual para Centro Socio Cultural da parroquia de A Pastoriza e de calefacción no Centro Social da parroquia de San

Cosme de Piñeiro-A Pastoriza” (ano 2019). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pastoriza para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Equipamento audiovisual para centro socio cultural da parroquia de A Pastoriza e de calefacción no centro social da parroquia de San Cosme de Piñeiro- A Pastoriza” (ano 2019) por importe total de 6.451,72 €.

2º.- Aprobar o gasto de 6.451,72 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.76200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor do Concello da Pastoriza, para sufragar os gastos derivados do “Equipamento audiovisual para centro socio cultural da parroquia de A Pastoriza e de calefacción no centro social da parroquia de San Cosme de Piñeiro- A Pastoriza”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo noveno.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación de Lugo e o Concello de Muras para a “Mellora das Instalacións Centro Cultural” (ano 2019).*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

“En relación co escrito, presentado por don Manuel Requeijo Arnejo, en nome e representación do Concello de Muras, con data 05/12/19 mediante o cal solicita unha achega



ecónomica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público- público) para a realización conxunta polo Concello de Muras e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “Mellora das instalacións Centro Cultural”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos

A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a “Mellora das instalacións Centro Cultural” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter- administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren á execución dunha serie de actuacións encamiñadas a acondicionar as instalacións da “Casa do Médico” a fin de que este pase a ser utilizado como espazo cultural propio, destinado e adaptado exclusivamente a actividades de carácter cultural, a través da mellora na instalación de climatización, do acondicionamento do cuarto de instalacións e da instalación dun alumeado exterior.

En canto á necesidade e oportunidade deste convenio, procede sinalar que na actualidade as actividades culturais do Concello de Muras se desenvolven no Centro Cultural “A Cooperativa”, que está composto por un único espazo multifuncional no cal se desenvolven actividades culturais, deportivas, reunións e xuntanzas veciñais. Porén, esta edificación non conta cunha configuración axeitada para a realización de actividades culturais, ao carecer dun acondicionamento acústico e dunha xeometría apropiada para a colocación de escenario e de asentos para os espectadores, xa que conta con pilares no medio da estancia que dificultan a visión. Emprazada enfronte deste Centro Cultural, sitúase a denominada “Casa do Médico”, na que con esta actuación preténdese melloralala para ser utilizada como espazo cultural multiuso para desenvolver exposicións, actos teatrais, concertos, faladoiros ou obradoiros.

En relación ao seu impacto económico, a plena operatividade da “Casa do Médico” como centro cultural permitirá contar cun espazo acondicionado para desfrutar das actividades culturais, cunha imponderable mellora na oferta cultural, e a posibilidade de aumentar a proporción de usuarios e demais visitantes, que redundará no incremento das vendas dos negocios de hostalería do Concello, así como na ampliación dos servizos públicos que se prestan, co que isto supón unha mellora da sociedade do benestar para o conxunto da veciñanza.



Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, procede sinalar que, segundo artigo 54.41 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 56, de data 10 de marzo de 2011, que sinala que lle corresponde ao Presidente/a aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde ao Presidente da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 6.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Muras, comprométese a realizar as achegas económicas que poidan superar o orzamento previsto.

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Muras para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora das instalacións Centro Cultural” (ano 2019). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Muras para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Mellora das instalacións Centro Cultural” (ano 2019) por importe total de 6.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto de 6.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.76200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor do Concello de Muras, para sufragar os gastos derivados do “Mellora das instalacións Centro Cultural”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo.- *Aprobación da conta xustificativa do convenio de colaboración entre a fundación Escuela de Organización Industrial (EOI) e esta Deputación de Lugo para o desenvolvemento conxunto dos programas formativo milleniais e BIGDREAM para o fomento do emprego xuvenil, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 11 de decembro de 2015 aprobou o Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Fundación EOI para o desenvolvemento conxunto dos programas formativos de fomento do emprego xuvenil.

O obxectivo deste Convenio é desenvolver os termos da colaboración entre a Excma. Deputación de Lugo e a EOI para a execución conxunta dos seguintes programas formativos para o fomento do emprego xuvenil:

Proxecto Millenials, para o fomento do traballa por conta allea en mozos, a través dunha formación práctica en habilidades e coñecementos técnicos en áreas demandadas polo mercado laboral da provincia en conxunción con axudas á contratación durante 6 meses.

Proxecto Bigdream, para o fomento do emprendemento e o autoemprego nos mozos que favorecerá a adaptación ao emprendemento a través da metodoloxía Lean Startup e a Mentorización xunto con axudas económicas para a posta en marcha de proxectos empresariais.

Que se desenvolverán dentro do Programa Operativo de Emprego Xuvenil vinculado a desenvolvemento da “Iniciativa de Empleo Juvenil (YEI) do Fondo Social Europeo 2014-2020, polo que contan con financiación do Fondo Social Europeo.

Estes programas están dirixidos a mozos entre os 18 e os 25 anos (ou na idade límite que no seu momento poida establecer o Sistema Nacional de Garantía Xuvenil) en situación de desemprego e inscritos no Sistema de Garantía Xuvenil.

Orzamento: O orzamento asignado ao Programa é de dous millóns de euros, aos que contribuirá a Deputación de Lugo nun 8,11% (162.200,00€) e a EOI nun 91,89% (1.837.800,00€).

Prazo: O prazo de vixencia deste convenio é de dous anos dende a data da súa sinatura. O convenio foi asinado polas partes o 22 de xaneiro de 2016 polo que a súa vixencia alcanza ata o 21 de xaneiro de 2018, tendo a EOI de prazo para xustificar ata o 31 de marzo de 2018.

Con data 12 de xaneiro de 2018, o Director do Departamento de Aceleración Empresarial da Fundación EOI solicita unha extensión do Convenio de Colaboración debido á existencia de remanentes na execución dos programas, así como na posibilidade de continuar prestando servizo no marco do citado convenio.

Tendo en conta o sinalado no parágrafo anterior, modificaríase a cláusula 9, relativa á “Vixencia e Extinción”, ampliando a vixencia do Convenio ata o 31 de decembro de 2018.

Debido á ampliación da vixencia do Convenio ata o 31 de decembro de 2018, modifícase a data de entrega da Memoria Xustificativa dos traballos realizados por parte da Fundación EOI”, contida na Cláusula 3 “Financiación” do Convenio, quedando redactada da seguinte forma.

“Aportarase por parte de EOI ao final do Proxecto unha memoria xustificativa dos traballos realizados, xunto cunha relación de facturas e copia das mesmas. A EOI terá de prazo para presentar a memoria xustificativa ata o 31 de marzo de 2019”.



O resto de cláusulas contidas no Convenio subscrito o 22 de xaneiro de 2016 quedan inalterables e vixentes durante a devandita ampliación. Esta ampliación non afecta nin modifica, en ningún caso, ao orzamento inicial.

Nota de cargo: O convenio determina no apartado financiación que a aportación da Deputación (162.200,00€), correspondentes ao programa formativo, se aportará mediante transferencia bancaria, no prazo máximo dun mes desde a data de inicio do programa formativo previa emisión dunha nota de cargo por parte da EOI.

Con data 7 de decembro de 2017 e nº de rexistro 36320, a EOI presentou na Deputación de Lugo, nota de cargo por importe de 162.000,00€. A medio de Resolución da Presidencia de 31 de xaneiro de 2018 aprobouse o seu pagamento.

Conta xustificativa: Con data 25 de marzo de 2019 a EOI presenta a conta xustificativa referida ao devandito convenio cumprindo co prazo estipulado.

Procédese á revisión da documentación aportada pola EOI para verificar o cumprimento das condicións impostas polo Convenio e a consecución dos obxectivos previstos inherentes ao mesmo.

Obsérvase que a EOI presenta a seguinte documentación:

Anexo I: Memoria técnica da actividade realizada.

Anexo II: Informe de gasto incorrido. Cadro detalle, presentado por conta contable, número de asiento contable, nome do proveedor, NIF, data de factura, referencia de factura e importe, data de pagamento e referencia da remesa. Detalle acumulado de gasto e fonte de financiación. Abono de nota de cargo.

Anexo III: Certificado da Dirección financeira de EOI explicando o cálculo dos custos indirectos, acompañado das declaracións de gasto de cada un dos profesionais de EOI imputados ao proxecto.

Anexo IV: Relación de facturas ordenadas por número de asiento contable (número de documento).

Anexo V: Resolución da convocatoria de axudas á contratación, concesión e informe de valoración.

Anexo VI: Xustificante bancario dos pagamentos a provedores, pagamento das axudas a beneficiarios.

Anexo VII: Xustificación do IVE non deducible.

Revisada a mesma, e a modo de breve resumo, no que respecta as actividades a desenvolver acreditan na súa memoria a execución correcta das seguintes accións:

Proxecto Millenials

Programas formativos realizados:

Os cursos que finalmente se executaron foron:

Curso de Auxiliar de Ventas Online y Offline y Atención al Público (Lugo)

Curso de Cocina y Servicio de Restauración (Lugo)

Curso de Utilización Eficiente y Uso de Maquinaria para el Aprovechamiento Forestal (Viveiro)

Curso de Auxiliar de Gestión Informática e Internet para Pymes (Lugo)

Curso de Aplicaciones y Manejo de Sistemas Aéreos no Tripulados - Drones (Lugo)



Curso de Auxiliar de Gestión Informática e Internet para Pymes (Lugo) [2ª Edición]

Curso de Aplicaciones y Manejo de Sistemas Aéreos no Tripulados - Drones (Lugo) [2ª Edición]

Curso de Socorrismo en Espacios Acuáticos Naturales (Lugo)

Curso de Socorrismo en Instalaciones Acuáticas (Lugo)

Curso de Auxiliar de Ventas Online y Offline y Atención al Público (Lugo) [2ª Edición]

Curso de Mantenimiento de Aeronaves (Lugo)

Curso de Auxiliar de Ventas Online y Offline y Atención al Público (Lugo) [3ª Edición]

Curso de Aplicaciones y Manejo de Sistemas Aéreos no Tripulados - Drones (Lugo) [3ª Edición]

Os resultados por programa foron:

Programa	Nº Alumnos	APTO/A	NO APTO/A	APTO/A	NO APTO/A
POEJ/GAL/Diputación Provincial Lugo/Lugo/Ventas	17	13	4	76%	24%
POEJ/GAL/Diputación Provincial Lugo/Lugo/Cocina y Restauración	15	9	6	60%	40%
POEJ/GAL/Diputación Provincial Lugo/Lugo/Uso Maquinaria Forestal	11	7	4	64%	36%
POEJ/GAL/Diputación Provincial Lugo/Lugo/Gestión Informática	15	9	6	60%	40%
POEJ/GAL/Diputación Provincial Lugo/Lugo/Drones	17	15	2	88%	12%
POEJ/GAL/Diputación Provincial Lugo/Lugo/Gestión Informática 2ed	15	8	7	53%	47%
POEJ/GAL/Diputación Provincial Lugo/Lugo/Socorrismo Mar	15	12	3	80%	20%
POEJ/GAL/Diputación Provincial Lugo/Lugo/Socorrismo Piscina	14	7	7	50%	50%
POEJ/GAL/Diputación Provincial Lugo/Lugo/Drones 2ed	16	9	7	56%	44%
POEJ/GAL/Diputación Provincial Lugo/Lugo/Mantenimiento Aeronaves	17	8	9	47%	53%
POEJ/GAL/Diputación Provincial Lugo/Lugo/Ventas 2ed	16	12	4	75%	25%
POEJ/GAL/Diputación Provincial Lugo/Lugo/Drones 3ed	20	12	8	60%	40%
POEJ/GAL/Diputación Provincial Lugo/Lugo/Ventas 3ed	18	12	6	67%	33%
TOTAL ALUMNOS	206	133	73	65%	35%

Axudas para o fomento na contratación:

Realizáronse tres convocatorias de axudas. Os destinatarios das mesmas foron empresas que demandaron postos de traballo, destinados principalmente aos perfís de xoves que recibiran as accións formativas anteriormente descritas.

Para percibir as axudas as empresas comprométense a contratar aos xoves nun período de alomenos 6 meses de duración, o obxectivo final é crear un posto de traballo de calidade.

Houbo 27 empresas solicitantes de axuda das que se concederon a 18, sendo descalificadas o resto por non acreditar correctamente a documentación.

Proxecto Big Dreams

Programas formativos

Dirixidos á formación en autoemprego e creación de empresas. Se realizaron dúas accións nas que participaron unha totalidade de 15 alumnos:

Curso de iniciativa emprendedora (Lugo) Julio 2017

Curso de Iniciativa Emprendedora (Lugo) [2ª Edición] Julio 2018

Apoio aos emprendedores e á creación de empresas

Axudas destinadas aos xoves que, recibindo as accións formativas anteriores, foran capaces de crear a súa propia empresa. Concedéronse as axudas ás tres solicitudes presentadas.

A EOI na súa memoria expón as circunstancias que impediron executar a totalidade do orzamento inicialmente previsto tales como as convocatorias de cursos que quedaron desertas ou a escasa participación nas convocatorias das diferentes axudas.

O custo total das actividades realizadas ascendeu ao 565.601,50€, dos que o 8,11% correspóndelle asumilo a esta Deputación (45.870,28€).



No que respecta ao orzamento executado, na documentación presentada figura baixo a concepto: Anualación parcial de fecha 5/12/2017, correspondiente a “Millenials-Big Dreams” YEI, cierre del convenio de 22/01/2016 FSE-POEJ-J8 CÓDIGO F44 o “abono nota de cargo núm. 19520010” por importe negativo de -116.129,72€.

Na devandita nota de cargo, a EOI incorpora o detalle económico de financiación do gasto total da entidade.

- Detalle económico de financiación del gasto total de la actividad. FUENTE DE FINANCIACIÓN.

Código	Tipo	Título del Programa
	FSE - POEJ	"PROYECTO MILLENNIALS" - "PROYECTO BIG DREAMS" - J8
565.601,50		TOTAL ACTIVIDAD
-45.870,28		DP DE LUGO - 8,11%
519.731,21		FONDOS FSE - EOI-MIETUR

"PROGRAMAS FORMATIVOS"	Detalle liquidación Proyecto.
-116.329,72 €	El proyecto se ha ejecutado en cuanto a la actividad en su totalidad. La cofinanciación del Proyecto por parte de DP DE LUGO es por un importe máximo de 162.200€ correspondiente al 8,11% del presupuesto. A nivel presupuestario y debido a la reducción de los costes que ha tenido el Proyecto y aplicando el tanto por ciento de cofinanciación que corresponde a DP DE LUGO, el importe correspondiente a la misma es de 45.872,88€. Por tanto, al haberse realizado aportación por 162.200€, corresponde una devolución por importe de -116.329,72€. Por lo anteriormente expuesto, quedamos a la espera de respuesta dando conformidad de la justificación e instrucciones para ordenar la transferencia.

O Convenio determinaba que no caso de que chegado o remate do mesmo non se execute a totalidade do orzamento, como é o caso, levarase a cabo a liquidación do mesmo asumindo cada parte os gastos en función da porcentaxe na que participen no convenio, polo que se procederá á devolución á Deputación de Lugo a parte da cantidade aboada que lle corresponda.

Tras a verificación realizada da conta xustificativa e das actuacións realizadas, a xuízo de quen subscribe, considérase cumprido o obxecto do convenio e a adecuación dos gastos realizados ao mesmo, polo que se considera procedente, previos os demais trámites regulamentarios e informes correspondentes en materia de execución de gastos, a aprobación da documentación xustificativa aportada así como o abono da nota de cargo presentada pola EOI pola cantidade de (-)116.129,72€.

Con data 17 de decembro de 2019 a EOI ingresa na conta corrente da Deputación a cantidade de 116.129,72€ en concepto de abono de nota de cargo.

Con data 27/12/2019 a Intervención Xeral emitiu o informe de fiscalización limitada previa da conta xustificativa presentada, cuxo resultado é de conformidade.

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos Servizos correspondentes proponse que pola Presidencia se adopten a seguinte resolución:

Aprobar a conta xustificativa do convenio de colaboración entre a Fundación Escuela de Organización Industrial (EOI) e a Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento conxunto dos programas formativo milleniais e bigdream para o fomento do emprego xuvenil, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade segundo o seguinte detalle de liquidación:

	TOTAL	APORTACION DPL
PREVISIÓN INICIAL CONVENIO	2.000.000,00 €	162.000,00 €
CONTA XUSTIFICATIVA FINAL	565.601,50 €	45.870,28 €
DIFERENCIA INGRESADA POLA EOI		116.129,72 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo primeiro.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación de Lugo e o Concello de Ourense para “Edición do libro: Cruceiros, Cristos Cruces, e outros monumentos do Concello de Ourense” (ano 2019).*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

(....)



En relación cos escritos, presentados por don José Luis Pajón Camba en nome e representación do Concello de Ourense, con data 21/06/2019 mediante os que solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público- público) para a realización conxunta polo Concello de Ourense e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común a “Edición do libro: Cruceiros, cristos, cruces e outros monumentos do Concello de Ourense”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos

A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a “Edición do libro: Cruceiros, cristos, cruces e outros monumentos do Concello de Ourense” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren á promoción do territorio dando a coñecer o patrimonio etnográfico dun concello da provincia de Lugo, así como poñer en valor os recursos do territorio e transmitir os valores dos seus antepasados as xeracións mais novas. O Concello de Ourol, nunha aposta polo turismo, sendo proba de elo que durante os últimos anos foron varias as accións que se levaron a cabo no municipio, como cursos, xornadas, exposicións, obradoiros de paisaxes, ou calendarios promocionais. Por outro lado o Concello de Ourol ten unha situación privilexiada na zona da mariña lucense para o fomento do turismo así como recursos naturais etnográficos, relixiosos, etc. Ca edición do libro “Cruceiros, cristos, cruces e outros monumentos do Concello de Ourol, pretendese promocionar o territorio, conservar, poñer en valor, e dar a coñecer o enorme patrimonio cultural, etnográfico, arquitectónico e relixioso. Este traballo é a base para futuras rutas turísticas propostas polo concello, como unha ruta polos camposantos de gran valor arqueolóxico ou a recreación de camiños reais usados polos veciños como vías de comunicación na antigüidade.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ourol, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste



ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, procede sinalar que, segundo artigo 54.41 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 56, de data 10 de marzo de 2011, que sinala que lle corresponde ao Presidente aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en

contratación; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde ao Presidente da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 3.522,48 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Ourense, de acordo co orzamento previsto, comprométese a entregar un 10% dos exemplares do libro a Deputación, e recoller o logotipo da Deputación de Lugo na portada e ou contraportada como entidade colaboradora e, así mesmo, asumirá o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobación do texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourense para a execución dos fins comúns consistentes na “Edición do libro: Cruceiros, cristos, cruces e outros monumentos do Concello de Ourense” (ano 2019). por importe total de 3.522,48 €.

2º.- Aprobación do gasto de 3.522,48 € con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor do Concello de Ourense, para sufragar os gastos derivados da “Edición do libro: Cruceiros, cristos, cruces e outros monumentos do Concello de Ourense”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo segundo.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación de Lugo e o Concello de Xermade para a “Impresión do segundo libro do premio Xermade na Historia” (ano 2019).*



Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

(....)

En relación cos escritos, presentados por don Roberto Garcia Pernas, en nome e representación do Concello de Xermade, con datas 01/07/2019 mediante os que solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Xermade e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común da “Impresión do segundo libro do "Premio Xermade da Historia"”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos

A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a “Impresión do segundo libro do "Premio Xermade da Historia" enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público

vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren á promoción do territorio poñendo en valor os recursos turísticos mediante a divulgación escrita das investigacións sobre o patrimonio local, etnográfico, histórico, arquitectónico, das tradicións orais, lendas, ritos, mitoloxía,... etcétera, e co fin de distribuír o coñecemento, contribuír o crecemento, e favorecendo a difusión do concello, situando no mapa, de xeito que se vexa reflectido a identidade como pobo, fomentando a autoestima colectiva e o autoconhecimento.

A publicación permitirá dar a coñecer os atractivos do concello, espertando así o interese de posibles visitantes, sendo a publicación especial deste libro un elemento máis para a promoción turística.

Segundo o que figura na Memoria presentada polo Concello de Xermade, o “Premio Xermade na Historia” naceu no ano 2014, co respaldo da Asociación de Veciños/as de Cabreiros, a



Facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela, e o mesmo Concello, como premio de investigación “Xermade na historia”, e co obxectivo de poñer en valor a riqueza material e inmaterial deste concello. Logo de dúas edicións, no ano 2017, a Deputación de Lugo editou o primeiro libro “Premio Xermade na historia”, recollendo os cinco traballos premiados nas edicións pasadas do premio que leva o mesmo nome. No presente ano 2019, e xa con cinco edicións, preténdese a publicación dun segundo libro, onde se recollan os traballos premiados na edición III e IV do premio.

Da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Xermade, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, procede sinalar que, segundo artigo 54.41 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 56, de data 10 de marzo de 2011, que sinala que lle corresponde ao Presidente/a aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde ao Presidente da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 6.050,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Xermade, de acordo co orzamento previsto, comprométese a contratación do servizo de impresión e a entregar un 10% dos exemplares do libro a Deputación, así mesmo, asumirá o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Xermade para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Impresión do segundo libro do “Premio Xermade da Historia” (ano 2019). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.



Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar o o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Xermade para a execución dos fins comúns consistentes na Impresión do segundo libro do "Premio Xermade da Historia" (ano 2019) por importe total de 6.050,00 €.

2º.- Aprobar o gasto de 6.050,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor do Concello de Xermade, para sufragar os gastos derivados dunha “Impresión do segundo libro do "Premio Xermade da Historia".”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo terceiro.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo ao Consello Regulador Denominación de Orixe Ribeira Sacra co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Asamblea General- Conferencia Española de Consejos Reguladores Vitivinícolas 24-28 octubre 2019” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder ao Consello Regularor Denominación de Orixe Ribeira Sacra co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Asamblea General - Conferencia Española de Consejos Reguladores vitivinícolas 24-28 Octubre 2019” durante a

anualidade 2019, polo importe 6.000,00 € constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe da Área de Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2019 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 5,1-c) "Turismo", titulada "Outras Actuacións Específicas" da Área de Turismo, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:



1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 6.000,00 €, a favor da Consello Regularor Denominación de Orixe Ribeira Sacra, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Asamblea General – Conferencia Española de Consejos Reguladores vitivinícolas 24-28 Octubre 2019”, na anualidade 2019, subvención incluída na Liña 5,1-c) “Turismo”, titulada “Outras Actuacións Específicas”, da Área de Turismo, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 6.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 4320.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019 a favor da Consello Regularor Denominación de Orixe Ribeira Sacra, para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Asamblea General –Conferencia Española de Consejos Reguladores vitivinícolas 24-28 Octubre 2019”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo cuarto.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para instalación de dúas pistas multideporte para a mocidade en Ribadeo e Rinlo (ano 2019).*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade do seguinte teor:

“Á vista da documentación incorporada ao expediente e do informe do servizo de Deportes e Mocidade do seguinte teor:

En relación cos escritos, presentados por don Fernando Suárez Barcia, en nome e representación do Concello de Ribadeo, con data 16/12/19 mediante os cales solicita unha achega

económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Ribadeo e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “Instalación de dúas pistas multideporte para a mocidade en Ribadeo e Rinlo”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos

A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a “Instalación de dúas pistas multideporte para a mocidade en Ribadeo e Rinlo (ano 2019)” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter- administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).



O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

Así mesmo, ha de terse en conta o previsto na LEI 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, artigo 34. Competencias da Administración local:

No marco dos principios recollidos no artigo 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e de conformidade co establecido na lexislación de Galicia en materia de réxime local, as entidades da Administración local poderán asumir as seguintes competencias en materia de xuventude:

(...)

c) A creación, o mantemento e a xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á mocidade que se consideren necesarios para garantir unha política integral de xuventude.

(...)

As deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán apoio económico, técnico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias.

De acordo coa memoria explicativa e xustificativa que se achega coa solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren á colocación de dúas pistas deportivas multiusos en dous núcleos do Concello de Ribadeo, en zonas de elevada demanda de zonas de xogos, ocio e deporte para a mocidade: a primeira no parque localizado na Rúa Rafael Fernández Cardoso (Ribadeo) e a segunda na Praza de Santa Catalina de Rinlo (Ribadeo). Máis

concretamente no espazo libre e zona verde, coa ordenanza O-11 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2014, por Orde de 14/11/2014, publicado non DOG número 230 do 1/12/2014 e non BOP número 297 de 29/12/2014. na Avenida de Rafael Fernández Cardoso, 08-DE-J2, e na Praza de Santa Catalina de Rinlo (dentro da zona verde 09-DE-AJ coa ordenanza O-11).

En canto á necesidade e oportunidade deste convenio, procede sinalar que de acordo co indicado na memoria polo concello de Ribadeo, non contaría con dotacións e equipamentos suficientes que permitan atender as demandas da mocidade e que incentiven a fixación de novas familias que busquen na oferta deste tipo de servizos un dos factores para asentarse nel. Coa actuación prevista neste convenio conseguiríase que os espazos públicos previstos do concello de Ribadeo incorporen melloras no campo deportivo e de lecer, para o seu uso e desfrute por parte da poboación, e neste caso da faixa de idade máis moza e xuvenil. A acción prevista pretendería mellorar os servizos colectivos, neste caso deportivos, lúdicos e de lecer, non só na propia vila de Ribadeo senón tamén nunha das parroquias, concretamente no núcleo do porto de Rinlo, favorecendo o acceso dos veciños a un espazo comunitario, no só de práctica física e deportiva, senón tamén promovendo as relacións sociais a mellora de espazos de socialización e esparexemento, co indubidable beneficio social que implica (ocio, deporte, saúde e benestar social).

Os distintos estudos fan fincapé na importancia da extensión da práctica física e deportiva para a sociedade en xeral e nomeadamente para a faixa de idade da adolescencia e a mocidade, por se atoparen nunha fase de crecemento e desenvolvemento persoal. Non só axudaría ao desenvolvemento físico, senón que serve para previr na súa medida hábitos moi prexudiciais como o consumo de tabaco, alcohol ou drogas. Ademais dos innegables beneficios físicos, a práctica deportiva ten aínda máis vantaxes para os adolescentes e pre-adolescentes na súa propia maduración persoal. Os expertos/as recomendan que os nosos/as fillos/as se marquen como meta a dedicación dunha rutina periódica de horas na práctica de calquera práctica deportiva.

Os citados estudos inciden en que a práctica de calquera deporte con constancia, axuda a que adolescentes e mozos e mozas sexan conscientes da importancia de certa disciplina, do esforzo e a vontade como motores do desenvolvemento persoal. No caso dos deportes en equipo, os/as rapaces/zas desenvolven capacidades de traballo en grupo, aprendendo a contar cos demais, o que aumenta a sociabilidade e a transcendencia de respectar aos rivais.



En relación ao seu impacto económico, as diversas actividades desenvolvidas poden permitir poñer máis en valor os servizos públicos do concello de Ribadeo, favorecendo a ampliación da oferta de espazos deportivos e de lecer, circunstancia que pode repercutir positivamente nunha mellor valoración por parte dos veciños e veciñas residentes, e a maiores por visitantes e turistas, coa directa e indirecta repercusión económica derivada.

Da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, podería concluírse que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, procede sinalar que, segundo artigo 54.41 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 56, de data 10 de marzo de 2011, que sinala que lle corresponde ao Presidente/a aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátaríase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 15.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Ribadeo, comprométese a realizar as achegas económicas que poidan superar o orzamento previsto.

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Instalación de dúas pistas multideporte para a mocidade en Ribadeo e Rinlo (ano 2019). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.»

Á vista do informe do servizo de Contratación



Á vista do informe de Intervención

Por todo o anteriormente exposto, o Deputado que subscribe, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.-Aprobar o o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Instalación de dúas pistas multideporte para a mocidade en Ribadeo e Rinlo” (ano 2019) por importe total de 15.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto de 15.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.762 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor do Concello de Ribadeo, para sufragar os gastos derivados da “Instalación de dúas pistas multideporte para a mocidade en Ribadeo e Rinlo” (ano 2019).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo quinto.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo a Club Estudiantes Lugo do obxecto de colaborar na actividade: “Campionato de España Infantil Masculino 2019”, ano 2019.*

Logo de ver a proposta da Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Club Estudiantes Lugo para sufragar os gastos derivados da actividade: “Campionato de España Infantil Masculino 2019”, durante a anualidade 2019, polo importe de 25.000,00€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Constancia de que a concesión directa da subvención está ao abeiro dalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria histórica, Servizo de Deporte.

Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe da Secretaría e do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2019 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 4.2 que leva por título “Deporte” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria histórica do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017 – 2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 23 de xuño de 2017.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Aprobar a excepcionalidade e o outorgamento de subvención directa de carácter excepcional, por importe de 25.000,00 €, a favor da entidade Club Estudiantes Lugo para sufragar gastos derivados da actuación “Campionato de España Infantil Masculino 2019”, subvención incluída na liña 4.2 que leva por título “Deportes” da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria histórica, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 25.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Club Estudiantes Lugo para sufragar gastos derivados da actuación “Campionato de España Cadete Masculino 2019”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo sexto.- *Proposta relativa á prórroga ao convenio de colaboración entre a Federación Galega de Piragüismo e esta Deputación de Lugo para o desenvolvemento do “Programa Provincial de Piragüismo” e o funcionamento da Escola de Piragüismo da Deputación de Lugo.*

Logo de ver a proposta da Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Deporte, relativo á modificación e prórroga ao convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo “FEGAPI”, para o desenvolvemento do “Programa de promoción provincial do piragüismo” e o funcionamento da Escola de piragüismo da Deputación de Lugo, que dispón o seguinte:

“En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Lexislación aplicable:

A normativa básica aplicable ao ámbito obxectivo deste informe está constituída, basicamente por:

Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Lei 3/2012, de 02 de abril, do deporte de Galicia.

Lei 10/1990, de 15 de outubro do Deporte.

Lei 9/2017, de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. (LRBRL)

Normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Antecedentes de feito:

Acordo da Xunta de Goberno da Deputación, de data 30 de xuño de 2017, mediante o que se prestou aprobación ao convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo “FEGAPI”, para o desenvolvemento do “Programa de promoción provincial do piragüismo” e o funcionamento da Escola de piragüismo da Deputación de Lugo.



Convenio de colaboración debidamente asinado entre os representantes da Deputación Provincial de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo, con data 30 de xuño de 2017.

Solicitud da Federación Galega de Piragüismo, para a prórroga do convenio de referencia, con número de rexistro na Deputación e alta de 31/10/2019– 13:28:32.

Proposta e borrador de prórroga ao convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo “FEGAPI” para o desenvolvemento do “Programa de promoción provincial do piragüismo” e o funcionamento da Escola de piragüismo da Deputación de Lugo.

Trátase de prorrogar un convenio de colaboración, é dicir un negocio xurídico bilateral que ten por obxecto a colaboración entre unha administración e unha entidade privada de utilidade pública, de acordo co establecido no artigo 32 LO 01/2002, de 22 de marzo do dereito de asociación, en resposta a obxectivos comúns que comparten e coa finalidade de intercambiar recursos públicos e privados para acadar un fin compartido que se plasma no obxecto do convenio: o desenvolvemento do “Programa de promoción provincial do piragüismo” e o funcionamento da Escola de piragüismo da Deputación de Lugo.

As institucións asinantes manifestan a vontade de instrumentalizar, mediante contribucións conxuntas, os elementos precisos para acadar os obxectivos anteriormente citados.

Para tal efecto, estiman oportuno comprometer achegas nas seguintes ordes:

Financiamento de custos en materia de persoal.

Organización de actividades, particularmente no que atinxe á difusión e preparación do programa dentro da provincia, tomando como elemento fundamental a interrelación cos distintos clubs de piragüismo existentes aos que se lles achegará a información e soportes necesarios.

Coordinación de esforzos tanto económicos como de xestión deportiva.

A Deputación comprométese ao financiamento dos gastos correntes previstos no “Programa de promoción provincial do piragüismo”, polo importe total de 85.000,00 €. É dicir, a Deputación comprométese ao financiamento das devanditas actuacións, polo importe total de 85.000,00 €, na anualidade 2020, que abrangue dende o 01 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020, con cargo á aplicación orzamentaria 3410. 22799.

Pola súa banda “FEGAPI” asumirá os compromisos, indicados na cláusula 3.2 do dito convenio asinado con data 30 de xuño de 2017, coas modificacións introducidas nesta prorroga, contribuíndo cos medios e coa loxística que manifesta, así como coa súa experiencia neste sector.

Fundamentos de dereito:

O artigo 51.1 da Lei 3/2012, de 02 de abril, do deporte de Galicia establece que “ Las federaciones deportivas gallegas son entidades privadas, sin ánimo de lucro, con personalidad jurídica propia y plena capacidad de obrar, cuyo ámbito de actuación se extiende al territorio de la Comunidad Autónoma de Galicia. En las federaciones se integran los clubes, secciones deportivas, deportistas, técnicos, jueces, árbitros y otros colectivos interesados estatutariamente establecidos, con el objetivo de promover, practicar y, en general, contribuir al desarrollo de una misma modalidad o especialidad deportiva.”

O artigo 30 da Lei 10/1990, de 15 de outubro do Deporte, indica: “1. Las Federaciones deportivas españolas son Entidades privadas, con personalidad jurídica propia, cuyo ámbito de actuación se extiende al conjunto del territorio del Estado, en el desarrollo de las competencias que le son propias, integradas por Federaciones deportivas de ámbito autonómico, clubes deportivos, deportistas, técnicos, jueces y árbitros, Ligas profesionales, si las hubiese, y otros colectivos interesados que promueven, practican o contribuyen al desarrollo del deporte. 2 Las Federaciones deportivas españolas, además de sus propias atribuciones, ejercen, por delegación, funciones públicas de carácter administrativo, actuando en este caso como agentes colaboradores de la Administración pública.”



Neste sentido e segundo se establece no artigo 2 dos Estatutos de FEGAPI, ademais das competencias que lle son propias e segundo o disposto pola Lei do Deporte de Galicia, exerce por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Comunidade Autónoma galega.

O Estado intervéñen no deporte a través do Consello Superior de Deportes, organismo autónomo dende o que se tutela dita Administración corporativa, cuxa peza central son as Federacións reguladas pola lei como “Entes corporativos”. As Federacións teñen competencias públicas: elaboran os regulamentos deportivos, regulan e organizan as competicións oficiais, colaboran na formación dos seus cadros técnicos, velan polo cumprimento das normas regulamentarias, executan a potestade disciplinaria e asignan e controlan as subvencións ás asociacións e entidades deportivas adscritas a elas. Todo isto sen prexuízo das competencias que teñen as Federacións para defender e xestionar os intereses privativos dos seus membros, consecuentemente con estes elementos de dereito público e a subsistencia de elementos privados, as Federacións están dotadas dun réxime xurídico mixto, no que no relacionado cos seus fins institucionais e no funcionamento da súa estrutura orgánica sométense ao dereito público e á Xurisdición contencioso – administrativa, e ao dereito privado no relacionado coa súa actividade medial e coa súa loxística e xerencia, de aí que os seus contratos non teñan a consideración de administrativos, nin os seus bens sexan de dominio público, nin se lles apliquen as normas de contabilidade pública, nin os seus controis fiscais sexan os previstos na lexislación presupostaria, nin os seus empregados sexan funcionarios públicos.

En definitiva FEGAPI forma parte da administración corporativa, xa que aínda que ten carácter privado cumpre un fin público de interés xeral, e de acordo co artigo 2 dos seus Estatutos FEGAPI é unha entidade privada, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar sen ánimo de lucro. O seu ámbito territorial abrangue a Comunidade Autónoma de Galicia no desenvolvemento das competencias que lle son propias, de conformidade coa normativa vixente.

O artigo 86 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, LPAC, sinala que “as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico (...)”.

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, LRXSP, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público” (...)

Este mesmo artigo 47 LRXSP, no seu apartado 2, sinala os tipos de convenios ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios asinados entre unha Administración Pública u organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado.”

O convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo “FEGAPI”, para o desenvolvemento do “Programa de promoción provincial do piragüismo” e o funcionamento da Escola de piragüismo da Deputación de Lugo, foi asinado con data 30 de xuño de 2017, momento no que era de aplicación o RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en adiante Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público 2011; e a norma actualmente en vigor é a



Lei 9/2017, de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en adiante Lei 9/2017.

Partindo da norma que resultaba aplicable no momento de celebrarse o convenio, Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público 2011, quedaba claramente determinado que o obxecto do convenio non sen correspondía cun contrato de servizos públicos, xa que non entraba dentro da definición deste tipo de contratos contida no artigo 8.1: “El contrato de gestión de servicios públicos es aquél en cuya virtud una Administración Pública o una Mutua de Accidentes de Trabajo y Enfermedades Profesionales de la Seguridad Social, encomienda a una persona, natural o jurídica, la gestión de un servicio cuya prestación ha sido asumida como propia de su competencia por la Administración o Mutua encomendante.”

Do texto do convenio despréndese que o seu obxecto non é encomendar a persoa natural ou xurídica a xestión dun servizo cuxa prestación fora asumida pola Deputación, mais ben o obxecto do convenio é regular o desenvolvemento do “Programa de promoción provincial do piragüismo”. A finalidade perseguida polas partes é divulgar o deporte de piragüismo na provincia e sobre todo naquelas comarcas onde existen clubs realizando a actividade. Preténdese levar o programa a todos os concellos da provincia con condicións para esta modalidade deportiva dirixidos á promoción e tecnificación dos deportistas. Este obxecto non coincide co que é propio do contrato de xestión de servizos públicos, nin tampouco coa de ningún outro tipo de contrato definido na Lei. O convenio tampouco corresponde a ningunha das modalidades de contratación da xestión de servizos públicos que recollía o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público 2011 no seu artigo 277.

O Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público 2011, no seu artigo 275, apartado 1, definía o ámbito do contrato de xestión de servizos públicos “La Administración podrá gestionar indirectamente, mediante contrato, los servicios de su competencia, siempre que sean susceptibles de explotación por particulares. En ningún caso podrán prestarse por gestión indirecta los servicios que impliquen ejercicio de la autoridad inherente a los poderes públicos”. No suposto previsto no convenio non se está a facer referencia a ningún servizo competencia da Deputación nin tampouco se pode considerar que se trate de servizos públicos no sentido auténtico do término. Por unha banda as ditas actividades non están comprendidas na enumeración de competencias

propias da Deputación no artigo 35 da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e, sobre todo, a explotación como servizo público requiriría a previa aplicación do artigo 115.2 da Lei de Contratos das Administracións Públicas 2011, é dicir, ter determinado o seu réxime xurídico básico e ter declarado expresamente que as actividades de que se trata quedan asumidas pola Administración respectiva como propia da mesma. Por outra banda o desenvolvemento do “Programa de promoción provincial do piragüismo” e o funcionamento da Escola de piragüismo da Deputación de Lugo, non constitúe unha actividade susceptible de explotación no sentido que aparece descrito no contrato de xestión de servizos públicos. FEGAPI non xenera nin percibe ningún tipo de beneficio económico no desenvolvemento da súa actividade limitándose a aportar os medios e a loxística que manifesta, así como a súa experiencia neste sector. En definitiva pódese concluír que o convenio entre FEGAPI e a Deputación non pode considerarse como un contrato de xestión de servizos públicos.

O artigo 6 da Lei 9/2017 establece que “2. Estarán también excluidos del ámbito de la presente Ley los convenios que celebren las entidades del sector público con personas físicas o jurídicas sujetas al derecho privado, siempre que su contenido no esté comprendido en el de los contratos regulados en esta Ley o en normas administrativas especiales.”

De esta forma, queda claramente definido que non se trata dun contrato dos recollidos na lexislación contractual, xa sexa no Texto Refundido da Lei de Contratos 2011 ou ben na vixente Lei 9/2017, de contratos do Sector Público, é dicir, non se pode cualificar como un contrato público.

Atopámonos ante un negocio xurídico bilateral, no que adquieren un rol primordial as circunstancias que motivan a colaboración (as prestacións realízanse “conveniendi causa”) e os fins perseguidos, comúns para ambas entidades; de modo que non existe unha achega económica a título gratuíto, senón prestacións de ambas as partes para acadar aquel fin común as dúas entidades, entendendo que resulta máis eficaz a acción concertada que a realización de actividades por separado, para acadalo, do que se deduce que non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de aplicación.



Estamos ante un convenio de colaboración, é dicir ante un negocio xurídico bilateral que ten por obxecto a colaboración entre unha Administración Pública e unha entidade privada en resposta a obxectivos compartidos, coa finalidade de intercambiar recursos, medios e actuacións na execución dunha actividade deportiva, no ámbito das súas competencias e de acordo co estipulado no artigo 7 da lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia e no artigo 25 da LRBRL, entre outros.

A utilización do instrumento “convenio de colaboración”, faise tendo en conta o establecido no artigo 103 da CE “La Administración pública sirve con objetividad los intereses generales y actúa de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la Ley y el Derecho”, este principio de sometemento á legalidade, que debe rexer toda a actividade administrativa, obríganos como Administracións públicas a cualificar a nosa actividade para determinar a normativa que corresponderá aplicar segundo se trate, neste caso concreto dun convenio de colaboración, ou dunha subvención, ou dun contrato. Polo tanto, o criterio teleolóxico fronte ao criterio formalista ten que ser o utilizado para determinar a exclusión do negocio do ámbito de aplicación da LCSP ou da LXS, así mesmo debe terse en conta a sentenza de 6 de febreiro de 1989 da Sala do contencioso – administrativo do Tribunal Supremo, na que se afirma que “los convenios jurídicos son lo que legalmente son y no lo que semánticamente puedan significar”.

O artigo 49.2 da Lei 40/2015, de 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, en diante LRXSP refírese á prórroga dos convenios administrativos: “1. Los convenios deberán tener una duración determinada, que no podrá ser superior a cuatro años, salvo que normativamente se prevea un plazo superior. 2. En cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto en el apartado anterior, los firmantes del convenio podrán acordar unánimemente su prórroga por un periodo de hasta cuatro años adicionales o su extinción.”

Na LRXS contéplase a vixencia do convenio como un elemento integrante do contido do seu clausulado, debendo ter en todo caso unha duración determinada que non superará os catro anos, aínda que é posible establecer unha duración maior, sempre e cando así fora prevista normativamente, mediante norma xurídica, por lei ou regulamento nunha norma autonómica de

desenvolvemento ou nunha norma sectorial. Antes de vencer o prazo máximo de duración previsto no convenio a normativa vixente permite que as partes acorden, por unanimidade, ben a prórroga do mesmo, como máximo outros catro anos, ou ben a súa extinción.

O Convenio de colaboración subscrito con data 30 de xuño de 2017, neste momento está vixente, posto que a súa cláusula sexta establece o seguinte “O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución”, na dita cláusula especificanse as ditas causas de resolución indicando tamén que “Calquera modificación do texto deste convenio farase mediante a subscrición da súa correspondente addenda” polo tanto, seguindo o establecido nesta cláusula así como o indicado no artigo 49, apartado g) da LRXSP, as partes poden modificar, mediando acordo de vontades, que terá que ser unánime, algunha das súas determinacións.

Media vontade de FEGAPI e da Deputación de Lugo e débese a razóns obxectivas, que se concretan na necesidade de continuar desenvolvendo o obxecto do convenio: “Programa de promoción provincial do piragüismo” e o funcionamento da Escola de piragüismo da Deputación de Lugo, ambas entidades teñen interese en seguir colaborando no exercicio das súas competencias, para acadar o fin común, desenvolvendo o “Programa de promoción provincial do piragüismo”, que se concreta en:

Actividade de promoción nos centros educativos a través da campaña escolar “Deporte Educación” coa finalidade de aumentar a base de usuarios da actividade, vinculándoa cos clubs existentes na provincia de Lugo e a creación de novos clubs, de ser o caso.

Desenvolvemento do programa federado, consistente no asesoramento técnico nos procesos de adestramento aos clubs da provincia de Lugo, realización do control e seguimento destes procesos e dos resultados competitivos e académicos aos padexeiros da provincia a través de visitas aos clubs e concentracións.

Desenvolvemento de xornadas técnicas, cursos de formación e toda a acción docente precisa para formar aos técnicos existentes nos clubs.



Polo tanto o compromiso adquirido polas partes asinantes, pode ser prorrogado, tendo en conta que a cláusula quinta do Convenio está vixente, e nela se indica “A vixencia do presente convenio terá efecto a partir da data da súa sinatura aínda que con efectos económicos dende o 01 de xullo de 2017 e manterase ata o cumprimento do mesmo e unha vez terminaran o conxunto de actuacións dos compromisos adquiridos polas partes, coas limitacións temporais fixadas na cláusula cuarta e o establecido no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, LRXSP. En todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación de Lugo se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa aportada por FEGAPI, que deberá efectuarse como límite o día 31 de decembro de 2020, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo. De acordo co previsto no artigo 49, apartado h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, LRXSP, en calquera momento antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, a Deputación e FEGAPI poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.” A súa vixencia concluirá no momento en que por parte de FEGAPI e por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa aportada por FEGAPI, feito que non se ten producido ata o momento e que ten como data límite establecida o día 31 de decembro de 2020.

Vixente o Convenio, este pode ser modificado por acordo unánime das partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da colaboración e sen danar ou prexudicar a terceiros.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD).

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Que se aprobe a prórroga ao convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo “FEGAPI”, para o desenvolvemento do “Programa de promoción provincial do piragüismo” e o funcionamento da Escola de piragüismo da Deputación de Lugo, o dito se prorrogará na anualidade 2020, que abrangue dende o 01 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

O importe total da prórroga ascende a 85.000,00 € e financíase con cargo á anualidade 2020. Dito gasto deberá aplicarse á aplicación orzamentaria 3410. 22799 dos orzamentos do 2020, quedando supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e ao compromiso de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade indicada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo sétimo.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo a Club Korbis co obxecto de colaborar na actividade: “Campionato de España Cadete Maculino 2019” ano 2019.*

Logo de ver a proposta da Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Club Korbis para sufragar os gastos derivados da actividade: “Campionato de España Cadete Masculino 2019”, durante a anualidade 2019, polo importe de 2.000 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Constancia de que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.



Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria histórica, Servizo de Deporte.

Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe da Secretaría e do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2019 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 4.2 que leva por título “Deporte” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017– 2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 23 de xuño de 2017.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.-Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 2.000,00 €, a favor da entidade Club Korbis para sufragar gastos derivados da actuación “Campionato de España Cadete masculino 2019”, subvención incluída na

liña 4.2 que leva por título “Deportes” da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que se aprobe o gasto de 2.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Club Korbis, para sufragar gastos derivados da actuación “Campionato de España Cadete Masculino 2019”.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo oitavo.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo a Federación Galega de Rugby co obxecto de colaborar na actividade. “Campionato de España de Rugby Seven Feminino”, ano 2019.*

Logo de ver a proposta da Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Federación Galega De Rugby para sufragar os gastos derivados da actividade: “Campionato de España de Rugby Seven Feminino ”, durante a anualidade 2019, polo importe de 5.000 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Constancia de que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria histórica, Servizo de Deporte.



Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe da Secretaría e do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2019 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 4.2 que leva por título “Deporte” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria histórica do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017 – 2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 23 de xuño de 2017.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 5.000,00 €, a favor da entidade Federación Galega de Rugby para sufragar gastos derivados da actuación “Campionato de España de Rugby Seven Feminino”, subvención incluída na liña 4.2 que leva por título "Deportes" da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria histórica, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

Que se aprobe o gasto de 5.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Federación Galega de Rugby, para sufragar gastos derivados da actuación “Campionato de España de Rugby Seven Feminino”.

Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo noveno.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á Asociación Os Pinchacarneiros, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “IX Gala entrega Premios de Inclusión Social” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación Os Pinchacarneiros, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “IX Gala entrega premios de inclusión social”, polo importe de 3.079,18 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.



Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

No presente caso, trátase dunha actividade cuxa finalidade está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 23 de xuño de 2017 e actualizado por acordo da Xunta de Goberno o 8 de febreiro de 2019, en concreto, encádrase nas actuacións específicas c) subvencións directas excepcionais da liña 3.2.1. Benestar Social, xestionada actualmente dende Benestar Social da Área Promoción Económica e Social, do vixente Plan Estratéxico de Subvención da Deputación de Lugo, xa que na mesma se recolle como obxectivos contribuír a aumentar os niveis de benestar social da poboación da provincia de Lugo no sentido máis amplo (mellorando a súa calidade de vida, contribuíndo a unha sociedade máis igualitaria de oportunidades para todos os colectivos, especialmente daqueles máis vulnerables, e na que os aspectos sociais teñan unha maior relevancia), intentando acadar un verdadeiro “estado de benestar”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa excepcional, por importe de 3.079,18 €, a favor da Asociación Os Pinchacarneiros para sufragar gastos derivados da actuación “IX Gala entrega premios de inclusión social” subvención incluída nas actuacións

específicas c) subvencións directas excepcionais, da liña 3.2.1. Benestar Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 3.079,18 € con cargo á aplicación orzamentaria 2314.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da Asociación Os Pinchacarneiros, para sufragar os gastos derivados da actuación “IX Gala entrega premios de inclusión social“, no ano 2019.

3º.- Aprobar o convenio canalizador no cal se instrumenta a citada subvención.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Trixésimo.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á entidade Federación Provincial de Confradías de Pescadores de Lugo, para colaborar no financiamento dos gastos derivados do cumprimento do obxectivo denominado “Participación e divulgación do sector pesqueiro de Lugo en Consellos Consultivos Europeos e Entidades da Economía Social” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

No anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2019, do Plan Estratéxico de subvencións 2017-2019, están previstos, na liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, correspondente á Área funcional de Promoción Económica e Social- Emprego, dentro das actuacións específicas previsibles para o exercicio económico 2019, un custo estimado e un orzamento dispoñible inicialmente de 310.250 €; podendo os proxectos ou actividades desta liña ser dotados a través dos distintos mecanismos de modificación orzamentaria.



Por outra banda, don Xosé Basilio Otero Rodríguez, en nome e representación da Federación provincial de cofradías de pescadores de Lugo, presentou, o 4 de decembro de 2019, ante o Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, escrito mediante o cal solicita a concesión dunha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 8.447,45 €, para sufragar os gastos derivados do cumprimento do obxectivo denominado “Participación en divulgación do sector pesqueiro de Lugo en Consellos Consultivos Europeos e Entidades da Economía Social”, durante a anualidade 2019.

En relación co expediente correspondente a dita solicitude, e tendo en conta a documentación que obra naquel e, ademais, o disposto:

Na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS);

no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (RLXS);

na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG);

na Ordenanza Xeral de Subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo e INLUDES (publicada no BOP nº 53, do 7 de marzo de 2005);

na súa modificación publicada no BOP nº 160, do 13 de xullo de 2006;

na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público;

no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais;

e nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019; queda acreditado que a concesión directa da subvención ampárase na normativa vixente que habilita para utilizar este procedemento; constando no mesmo, asemade, a seguinte documentación:

Convenio que instrumenta a concesión da dita subvención.

Acreditación de que a entidade solicitante se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que, así mesmo, non se atopa en ningunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, que levan aparelada a prohibición de obter a condición de beneficiario de subvencións.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Unidade de Intervención e cuxo resultado é de conformidade.

Finalmente, consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2019, o órgano competente para o outorgamento da subvención é o Presidente, a proposta do Delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000 de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores; entendéndose aprobadas a autorización e disposición do gasto polo acordo ou resolución de concesión.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa excepcional, por importe de 8.447,45 €, a favor da Federación provincial de confrarías de pescadores de Lugo, para sufragar os gastos derivados do cumprimento do obxectivo denominado “Participación e divulgación do sector pesqueiro de Lugo en Consellos Consultivos Europeos e Entidades da Economía Social” na anualidade 2019; subvención incluída na liña 3.1 que leva por título: Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, da Área funcional de Promoción Económica e Social - Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2019, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019.



2º.- Que se aprobe o gasto polo importe de 8.447,45 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4330.48911 do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019, a favor da entidade e coa finalidade descritas no parágrafo anterior.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Trixésimo primeiro.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á E.D. Lourenzá co obxecto de colaborar na actividade: “Torneo Lourenzá en Xogo 2019” ano 2019.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder a E.D Lourenzá para sufragar os gastos derivados da actividade: “Torneo Lourenzá en Xogo 2019”, durante a anualidade 2019, polo importe de 17.056,25 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Constancia de que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica .

Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non

atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe da Secretaría e do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2019 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 4.2 que leva por título “Deporte” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Innovación, Participación cidadá, Mocidade e Deporte) do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017 – 2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 23 de xuño de 2017 (Acordo da Xunta de Goberno de actualización de PES 2017-2019 de data 8/02/2019.)

Por todo o anteriormente exposto, o Deputado que suscribe, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 17.056,25 €, a favor da entidade E.D Lourenzá para sufragar gastos derivados da actuación “Torneo Lourenzá en Xogo 2019“, subvención incluída na liña 4.2 que leva por título “Deportes” da Área de Innovación, Participación cidadá, Mocidade e Deporte, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.



2º.- Aprobar o gasto de 17.056,25 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade E.D Lourenzá, para sufragar gastos derivados da actuación “ Torneo Lourenzá en Xogo 2019“.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS.

Primeiro.- *Complemento ao Decreto de data 11/06/2019, en relación co expediente CMP2019/000261*

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

“En relación co expediente CMP2019/000261 relativo á “Acción 4 CAM Trabada, acción 4 CAM Pol: Subministración de gas na modalidade de propano comercial e mantemento dos depósitos de Gases Licuados do Petróleo, en adiante depósito GLP, dos CAM de Trabada e Pol. A estimación do gasto por centro é a seguinte:

CAM	BASE IMPONIBLE	IVE	TOTAL
Pol	7.283,20	1.529,147	8.812,67
Trabada	7.283,20	1.529,147	8.812,67

Procede aclarar que: O Servizo de Intervención informa á unidade xestora dos problemas que lle xorden á hora de pagar as facturas cor cargo a este contrato, xa que na proposta de contrato presentada pola Unidade Xestora, e polo tanto na Resolución, non constan os prezos unitarios do gas na modalidade de propano comercial, procede informar que:

Por Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 10 de abril de 2019, aprobouse a contratación relativa á “Subministración de gas na modalidade de propano comercial e mantemento dos depósitos de Gases Licuados do Petróleo, en adiante depósito GLP, dos CAM de Trabada e Pol A estimación do gasto por centro é a seguinte:

CAM	BASE IMPONIBLE	IVE	TOTAL
Pol	7.283,20	1.529,147	8.812,67
Trabada	7.283,20	1.529,147	8.812,67

Na citada resolución aprobouse a adquisición por un prezo máximo, pero non se matizou os cálculos para a obtención dos orzamentos.

A unidade xestora, con data 27 de decembro de 2019, emite un informe no que se explica os cálculos para a obtención do prezo, tal e como segue: “En relación co expediente CMP2019/000261 relativo á “Subministración do gas na modalidade de propano comercial e mantemento dos depósitos de Gases Licuados do Petróleo, en adiante depósitos de GLP, dos CAM de Trabada e Pol” procede aclarar:

Que o prezo unitario de 0,8954 €/Kg (sen engadir IVE nin Imposto de Hidrocarburos) reflectido no orzamento de REPSOL BUTANO, S.L., para o subministro de gas propano a granel é un prezo variable que flutúa mes a mes en función dos elementos constitutivos do mesmo, como a materias prima, custos de manipulación, almacenamento e transporte, custos comerciais e administrativos, impostos, etc.

Que o citado prezo unitario ofertado neste caso para o subministro de gas propano a granel por REPSOL BUTANO, S.L., correspóndese coa TARIFA DE GRAN CONSUMIDOR, sendo a mesma unha tarifa propia da citada empresa. Que a Tarifa de Gran Consumidor de Repsol en €/Kg se determinará con arranxo a seguinte formula:

$$\text{TARIFA GRAN CONSUMIDOR} = \text{MP} + \text{F} + \text{C}, \text{ Sendo}$$

MP: Custo da materia prima en €/Kg. Calculárase para os subministros de cada mes en función dos prezos en dólares USA da tonelada métrica do butano e do propano no Mar do Norte



(precio BPAP (ANSI)) publicado no “Argus” e Golfo Pérsico (precio CP-SAUDI ARAMCO) publicados no “Platt’s Oilgram”, correspondente ao mesmo mes dos subministros, sobre a base dunha composición do 20% do butano e un 80% do propano. A conversión a €/Kg realizarase en función da media aritmética do cambio dólar/Euro do mercado de divisa no mes anterior ao dos subministros

F: Custo do flete en €/Kg. Calcularase para os subministros de cada mes en función da media da cotización en dólares USA do flete por tonelada métrica Rass Tanura-Mediterráneo no mes anterior ao dos subministros, publicada no “Potten and Partner”. A conversión a €/Kg realizarase en función da media aritmética do cambio dólar/Euro do mercado de divisa no mes anterior ao dos subministros

C: Coste de Operación

Que o subministro de gas propano a granel, a diferenza do gas canalizado eo gas natural, non están regulados e por tanto os prezos unitarios do subministro non teñen por que estar reflectidos a un BOE. Por elo a empresa distribuidora é a que marca as tarifas a aplicar aos seus clientes non estando obrigada a referenciar o prezo unitario a un BOE.

Sendo variable mensualmente o prezo unitario do gas propano a granel fixado pola empresa REPSOL BUTANO, S.L., segundo a súa Tarifa de Gran Consumidor, o prezo unitario das facturas dos subministros de gas propano aos diferentes depósitos dos CAM de Trabada e Pol será o fixado pola empresa para o mes no que se realice ditos subministros segundo os prezos da citada tarifa publicados na súa páxina web e aplicando o desconto correspondente.

SUBMINISTRO ANUAL (Tm)	Bonificaciones (€/Tm) Impuestos excluidos
De 0 a 2	0,0
De 2 a 4	-6,0
De 4 a 10	-12,0
De 10 a 20	-18,0
De 20 a 30	-24,0
De 30 a 40	-30,0
De 40 a 50	-50,0
Mais de 50	-75,0

Os subministros de gas contarán con un desconto segundo a seguinte táboa en función do consumo anual:

Os importes con signo negativo indican bonificacións.

Inicialmente a bonificación a aplicar será a correspondente a un subministro estimado anual de 6 toneladas, sin perjuicio de su regularización ao coñecerse o consumo anual real, entendéndose como tal o volume dos subministros realizados nos doce meses seguintes a data de aplicación da bonificación.”

Tendo en conta o anterior, para o control do prezo nas facturas comprobarase o prezo mensual establecido por REPSOL BUTANO, SL correspondente coa Tarifa de Gran Consumidor e en base a fórmula citada nese informe, de modo que, propónse que pola Presidencia se adopte o seguinte acordo:

Complementar a Resolucións da Presidencia de data 16 de xuño de 2019, en relación co expediente de contrato menor: CMP2019/000261 para a “Subministración de gas na modalidade de propano comercial e mantemento dos depósitos de Gases Licuados do Petróleo, en adiante depósito GLP, dos CAM de Trabada e Pol A estimación do gasto por centro é a seguinte:

CAM	BASE IMPONIBLE	IVE	TOTAL
Pol	7.283,20	1.529,147	8.812,67
Trabada	7.283,20	1.529,147	8.812,67

Tal e como segue:

Onde dí:

Nº Expte.	Unidade Administrativa	Obxecto	Tipo contrato	Prezo con IVE	Adxudicatario
-----------	------------------------	---------	---------------	---------------	---------------



Nº Expte.	Unidade Administrativa	Obxecto	Tipo contrato	Prezo con IVE	Adxudicatario
CMP2019/000261	Benestar social e igualdade	Acción 4 CAM Trabada, acción 4 CAM Pol: Subministración de gas na modalidade de propano comercial e mantemento dos depósitos de Gases Licuados do Petróleo, en adiante depósito GLP, dos CAM de Trabada e Pol. A estimación do gasto por centro é a seguinte: CAM Pol: 7.283,20 €, aos que se engadirán 1.529,147 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8.812,67 € CAM Trabada: .283,20 €, aos que se engadirán 1.529,147 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8.812,67 €	Subministración	17.625,34 € (CAM Pol: 7.283,20 €, aos que se engadirán 1.529,147 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8.812,67 € CAM Trabada: .283,20 €, aos que se engadirán 1.529,147 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8.812,67 €)	REPSOL BUTANO, SA

Debe dicir:

Nº Expte.	Unidade Administrativa	Obxecto	Tipo contrato	Prezo con IVE	Adxudicatario
CMP2019/000261	Benestar social e igualdade	Acción 4 CAM Trabada, acción 4 CAM Pol: Subministración de gas na modalidade de propano comercial e mantemento dos depósitos de Gases Licuados do Petróleo, en adiante depósito GLP, dos CAM de Trabada e Pol. A estimación do gasto por centro é a seguinte: CAM Pol: 7.283,20 €, aos que se engadirán 1.529,147 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8.812,67 € CAM Trabada: .283,20 €, aos que se engadirán 1.529,147 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8.812,67 €	Subministración	17.625,34 € (CAM Pol: 7.283,20 €, aos que se engadirán 1.529,147 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8.812,67 € CAM Trabada: .283,20 €, aos que se engadirán 1.529,147 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8.812,67 €)	REPSOL BUTANO, SA

(*): Para o control do prezo do gas ,na súa modalidade de propano comercial e mantemento dos depósitos de Gases Licuados do Petróleo, en adiante depósito GLP dos CAM de Trabada e Pol, nas facturas comprobarase o prezo mensual establecido pola empresa REPSOL BUTANO, SL na Tarifa de Gran Consumidor”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- Aprobación contratos menores.

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

“En relación coas propostas de diferentes unidades administrativas, relativas á tramitación de contratos menores, procede:

Segundo o artigo 25.1 “Contratos Administrativos” da LCSP: “Terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que se celebren por unha Administración Pública: a) Os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos. (...).

Tendo en conta o artigo 73, do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o correspondente expediente de contratación iníciase correctamente, figurando neste a documentación mencionada no informe do servizo de contratación. Así mesmo, motívase a necesidade do contrato nos termos previstos non artigo 28 e 118.1 da LCSP.

En base ao artigo 118.1 do citado corpo legal, determínase que “Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos ou subministracións centralizados no ámbito estatal. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.”

Por outra banda, no punto 3 do artigo 118 determínase que: “No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. (...)”.

O artigo 99 “Obxecto do contrato” da LCSP determina que:

“1. O obxecto dos contratos do sector público deberá ser determinado. O mesmo poderase definir en atención as necesidades ou funcionalidades concretas que se pretenden satisfacer, sen cerrar o obxecto do contrato a unha solución única. En especial, definiranse deste modo en aqueles contratos nos que se estime que poden incorporarse innovacións tecnolóxicas, sociais ou



ambientais que melloren a eficiencia e sustentabilidade dos bens, obras ou servizos que se contraten. 2. Non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ó procedemento de adxudicación que correspondan. 3. Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras. (...)”.

Na base 17ª de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Lugo para 2018, establece os criterios para a tramitación de contratos menores.

O artigo 72 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público, dispón que “ nos contratos menores poderá facer as veces de documento contractual a factura pertinente, ... En todo caso, a factura deberá conter as seguintes mencións:

Número.

Nome e apelido ou denominación social, nº de identificación fiscal e domicilio do expedidor.

Órgano que celebra o contrato.

Descrición do obxecto do contrato, con expresión do servizo ao que vaia destinado.

Prezo do contrato.

Lugar e data da súa emisión.

Firma do funcionario que acredite a recepción...”.

O artigo 131.3 da LCSP estipula que: “Os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.”

No caso de existir subcontratación, deberá de cumprirse o estipulado no artigo 215 da LCSP, referente á subcontratación

Á vista da documentación incorporada ao expediente por parte de Intervención, concretamente o listado das operacións definitivas e pendentes de aprobación no período do exercicio orzamentario de 2019 (dende 01-01-2019 ata a actualidade), non consta neste servizo a aprobación de ningún outro contrato menor na que as empresas propostas resultasen adxudicatarias. Polo que, queda xustificado no expediente que non se altera o obxecto contractual para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e, así mesmo, que o contratista non subscribiu individual ou conxuntamente, contratos menores que iguallen ou superen a cifra de 15.000,00 € de valor estimado.

Segundo se detallan nos informes do órgano de contratación, consta motivada a necesidade dos contratos, de acordo co estipulado nos artigos 28 e 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/21/UE, de 26 de febreiro de 2014.

O prazo de vixencia dos contratos será como máximo dun ano, a contar dende a súa aprobación, tal e como se establece no artigo 29.8 da LCSP.

De acordo co previsto na Instrución 1/2019 de 28 de febreiro, da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, queda acreditado nos expedientes de contratación obxecto da presente proposta de resolución os seguintes extremos: a solicitude de polo menos tres orzamentos, a resposta á dita solicitude por parte das empresas ás que se solicitan, as ofertas recibidas así como a xustificación da seleccionada e, de non ser posible o anterior, consta xustificación motivada de tal extremo.

En canto ao órgano de contratación, segundo o artigo 54.12 do Regulamento orgánico da Deputación, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que



se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Presidencia, ao tratarse dun contrato menor.

Polo anteriormente exposto, e visto informe do Servizo de Intervención relativo á existencia de crédito orzamentario suficiente, propónse que pola Presidencia se adopten as seguintes resolucións:

Proceder á aprobación do procedemento de contratación, autorizar o gasto e adxudicar a execución dos seguintes contratos menores, relativos ás unidades administrativas, polos importes e adxudicatarios que a continuación se relacionan:

Nº Expte.	Unidade Administrativa	Obxecto	Tipo contrato	Prezo con IVE	Adxudicatario
CMP2019-000513	Intervención	Subscrición a COSITALNETWORK 2020, (xaneiro 2020 a decembro 2020) da Interventora Xeral	Subscrición	120,00	CONSEJO GENERAL DE COSITAL

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Ampliación de prazo para a subministración e instalación de marquesiñas na rede viaria provincial.*

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, de data 11 de decembro de 2019, do seguinte tenor literal:

“Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión celebrada o 31 de decembro do 2018, aprobou o procedemento de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como o gasto da licitación da subministración e instalación de marquesiñas na rede viaria provincial.

A Xunta de Goberno en sesión celebrada o 3 de maio de 2019, adxudicou a TINASTUR S.COOP. LTDA. ASTUR o contrato de subministración e instalación de marquesiñas na rede viaria provincial.

O contrato, entre as partes, foi asinado o 17 de xuño de 2019, establecendo unha duración de tres meses a partir da sinatura da acta de inicio, ou no seu defecto, dende a formalización do contrato.

Con data 23/07/2019, D. Roberto Fernández Pérez, en representación da mercantil TINASTUR S.COOP. LTDA. ASTUR, solicita a prórroga do subministro e instalación de marquesiñas na rede viaria provincial.

Con data 02/08/2019, o responsable de contrato, informa favorablemente a prórroga solicitada pola empresa adxudicataria.

Por Resolución da Presidencia o día 20/08/2019, aprobase a ampliación do prazo de execución do subministro e instalación de marquesiñas na rede viaria provincial, ata o día 16 de decembro de 2019.

Con data 26/11/2019, D. Roberto Fernández Pérez, en representación da mercantil TINASTUR S.COOP. LTDA. ASTUR, solicita a segunda prórroga do subministro e instalación de marquesiñas na rede viaria provincial.

Con data 29/11/2019, o responsable de contrato, informa favorablemente a prórroga solicitada pola empresa adxudicataria.

Lexislación Aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)



Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 , sobre contratación pública

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións Xurídicas.

O artigo 195 da LCSP, no seu punto 2 recolle en canto as posibilidade de prórroga das prestacións a sinalar:

“Se o atraso se produce por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándolle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pida outro menor. O responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o atraso se produciu por motivos imputables ao contratista.”

Tendo en conta, para mais abastanza o precisado no Art. 34 da LCSP, o enunciar o principio de liberdade de pactos recollido a nivel xeral no artigo 1255 do código civil (tamén no artigo 111 do TRRL e no Art. 88 LRXPAC) segundo o cal as partes poderán establecer os pactos, cláusulas e condicións que estimen convenientes, sempre e cando non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, coas matización e limitacións propias do principio de legalidade a que se somete a administración pública.

O artigo 100, do 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC), recolle:

“Artigo 100. Petición de prórroga do prazo de execución.

A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días desde aquel en que se produza a causa orixinaria do atraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración, para os efectos de que a Administración poida oportunamente, e sempre antes da terminación do prazo de execución do contrato, resolver sobre a prórroga do mesmo, sen prexuízo de que unha vez desaparecida a causa reaxústese o prazo prorrogado ao tempo realmente perdido.

Se a petición do contratista formuláse no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes á terminación do mesmo.

Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolvese sobre ela.

No caso de que o contratista non solicitase prórroga no prazo anteriormente sinalado, entenderase que renuncia ao seu dereito, quedando facultada a Administración para conceder, dentro do mes último do prazo de execución, a prórroga que xulgue conveniente, con imposición, se procede, das penalidades que establece o artigo 95.3 da Lei ou, no seu caso, as que se sinalen no prego de cláusulas administrativas particulares, salvo que considere máis aconsellable esperar á terminación do prazo para proceder á resolución do contrato.”

O prego de cláusulas administrativa na cláusula quinta, punto 2 di: “5.2. Prórroga. O contrato non será obxecto de prórroga, salvo retraso no cumprimento dos prazos de inicio por causas non imputables ao contratista.”



Con data 26/11/2019, D. Roberto Fernández Pérez, en representación da mercantil TINASTUR S.COOP. LTDA. ASTUR, solicita a segunda prórroga do subministro e instalación de marquesiñas na rede viaria provincial, co seguinte literal:

“(…) Expone:

Que con fecha 3 de mayo 2019 se adjudica a la empresa el contrato “Contratación de suministro e instalación de marquesinas en la red viaria provincial”

Que el contrato consiste en el suministro e instalación de marquesinas de madera en todos los concejos de la provincia de Lugo, siendo cada Ayuntamiento el responsable de la solicitud de reemplazo de marquesina (con base de hormigón hecha) o bien de construcción de nueva base de hormigón (nueva creación).

Que el plazo de finalización de la obra se establece el 4 de septiembre de 2019, habiéndose aprobado una prórroga hasta el 16 de diciembre de 2019.

Que para la realización del suministro contratado es necesario coordinar previamente los trabajos con los Ayuntamientos interesados, y que actualmente, existen casi una decena de Municipios en los que no han iniciado los trámites para acondicionar las zonas de instalación de las marquesinas, estando la empresa pendiente de ellos para poder realizar el suministro y colocación.

Es por ello que se solicita:

Que en virtud de lo expuesto sea concedida una prórroga de tres meses para la finalización del suministro e instalación de marquesinas.”

O 29 de novembro, polo responsable do contrato emítese de acordo co artigo 195 da LCSP informe no que recolle o seguinte:

“Consideracións

Única.- Á ampliación do prazo de execución dos contratos, tal e como se establece na lexislación antes invocada, soamente pode ter lugar nos supostos en que a demora traiga causa imputable á Administración contratante, de tal forma que se tal causa existe, procede a concesión da ampliación.

No presente contrato, efectivamente, procede estimar a solicitude de ampliación do prazo, xa que a demora vén causada polo retraso dos concellos na execución das bases de formigón para a instalación das marquesiñas, obriga de instalación que corre a cargo da adxudicataria, prestación que no pode cumprir tempestivamente ao non estar construídas as bases ou plataformas nas que se teñen que instalar.

A vista do anteriormente exposto procede:

Estimar a solicitude de ampliación do prazo de execución do contrato en tres meses, tal e como solicita o adxudicatario.”

Non é preciso dar audiencia ao contratista, na medida en que este trámite se estima cumprido mediante a solicitude de prórroga realizada por medio do escrito con RXE 2019RT005729, do 26 de novembro de 2019.

Obsérvase, nestes suposto en que o retraso non resulta imputable ao contratista, como o Artigo 195.2 da LCSP emprega un termo imperativo para a concesión dun prazo [“ se concederá por la administración un prazo.”] que debe ser polo menos igual ao tempo perdido, sempre que o contratista ofrezca cumprir os seus compromisos, precisamente con esa prórroga para desenvolver a prestación comprometida. Estamos diante dun mecanismo para facer posible o cumprimento dos fins institucionais que motivaron a prestación e xustifican o contrato (Art. 28 do LCSP), co presuposto de que o retraso non é imputable ao contratista. Neste caso o fin perseguido é a execución da obra mencionada.

En todo caso, debera darse traslado a intervención a efectos de fiscalización previa a emisión da resolución.



En canto ao tempo en que se debe resolver sobre a petición de concesión de prórroga, se o pedimento dela se formula con máis de un mes de antelación á data na que conclúe o prazo de execución, a resolución administrativa sobre a prórroga debe pronunciarse antes do vencemento dese prazo; se a petición do contratista ten lugar durante o último mes de execución do contrato a administración ten a posibilidade de resolver devandito pedimento antes de que finalice o prazo de execución do contrato ou ben no prazo de quince días desde que finalice aquel prazo (Art. 100.1 RXLCAP).

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Reglamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011)

Conclusión

Entendemos, consonte cos antecedentes e documentación incorporada ao expediente, que órgano competente pode autorizar a ampliación do prazo de execución da subministración e instalación de marquesiñas na rede viaria provincial, para dar cumprimento ás prestacións contractuais fixándose a mesma en 3 MESES.

Tendo en conta que existe informe favorable da Intervención Xeral, con CSV:

Por canto vai dito, proponho, a presidencia, a adopción da seguinte resolución:

Aprobar a ampliación do prazo de execución Subministración e Instalación de Marquesiñas na Rede Viaria Provincial, por un prazo de 3 meses, ata o 16 de marzo de 2019, para dar cumprimento ás prestacións contractuais”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.